- b) ¿Cuántas voces escuchamos en la noticia y a quiénes corresponden?
- c) ¿Cómo se organizan jerárquicamente las voces?

- d) ¿Qué registro y qué nivel de lengua se utiliza en esta noticia?
- e) Señale alguna otra característica lingüística destacable de este audio.
- S9. Analice el microespacio de Radio 5 del siguiente enlace y conteste las preguntas: <http://rtve.es/a/3550102>
- a) ¿Presenta el programa una sintonía introductoria?
- b) ¿Cómo se utiliza la música a lo largo del programa?
- c) Describa el uso de la lengua del presentador del programa tomando como referencia las características explicadas en el apartado anterior.
- d) Resuma en un texto que no supere las cinco líneas el contenido del programa.
- S10. Redacte un texto de entre 200 a 250 palabras en el que explique qué tipo de programas de radio suele escuchar y el porqué de sus preferencias. En caso de no ser un oyente habitual de radio, argumente sus razones para no hacerlo.
- S11. Conteste las preguntas sobre este podcast de RTVE: <http://rtve.es/v/4072280>
- a) ¿Cuál es la función de este espacio televisivo?
- b) Justifique si le parece adecuada la música escogida.
- c) ¿Qué información aporta la voz en off?
- d) ¿Qué otras intervenciones orales están escogidas y por qué?
- e) Describa el montaje visual de esta pieza analizando detenidamente:
- ¿Cuál es su duración total?
  - ¿Cuántas imágenes diferentes se combinan en ese tiempo?
  - ¿Qué ritmo se transmite y cuál es su funcionalidad?
- S12. Vea el siguiente reportaje sobre un montaje de la ópera *Madame Butterfly* del programa *Atención Obras* de RTVE: <http://rtve.es/v/4088622/> y responda:
- a) ¿Cuántas personas intervienen oralmente en el reportaje?
- b) ¿Mediante qué recurso se hacen comprensibles al espectador los fragmentos expresados en otro idioma?
- c) ¿Qué dos tipos de imágenes se alternan durante el reportaje?
- d) ¿Cómo se combinan música y texto hablado durante el reportaje?

## Funciones e influencia de los medios de comunicación audiovisual

Los medios de comunicación influyen sobre la sociedad de manera considerable, puesto que ayudan a satisfacer ciertas necesidades de la población. Por ello es importante mantener una actitud crítica frente a ellos. Entre las funciones que desempeñan destacan:

- **Informar:** los medios recogen y presentan información de manera veraz y oportuna sobre los diversos acontecimientos mundiales de actualidad y de distintos temas de interés. Esta información debe ser lo más objetiva posible.
- **Educar:** los medios transmiten valores, refuerzan la cultura de las distintas comunidades: su pasado, su presente y sus proyecciones futuras; contribuyen a que los distintos grupos sociales se reconozcan y potencien su identidad. Los medios pueden también servir de hilo conductor entre los valores culturales de las distintas generaciones.
- **Entretener:** la sociedad demanda de los medios entretenimiento y esparcimiento, por ello, la mayor parte de su tiempo de emisión los medios emiten programas cuyo objetivo es cubrir el tiempo de recreo y ocio de la audiencia. Esta es una de las funciones más desarrollada por la televisión, aunque también está presente en la radio.
- **Formar opinión:** los distintos mensajes producidos por los medios de comunicación promueven la formación de opinión entre los receptores. Los medios de comunicación son instrumentos de regulación social, pues interpretan y ordenan la información para que los miembros de la comunidad puedan comprenderla. Pero esta presentación y selección siempre conlleva cierto contenido ideológico que se transmite al receptor, induciendo así la formación de una “opinión pública”.
- **Persuadir:** los medios de comunicación de masas, mediante el discurso publicitario, modifican o refrendan comportamientos o ideas apelando a la voluntad del receptor que se desea convencer para que consuma determinado producto o servicio. La publicidad financia las cadenas de radio y televisión privadas, que son empresas que deben competir por las audiencias en el mercado capitalista.

## Clasificación de las cadenas de radio y televisión

Las funciones de las diferentes cadenas de radio y televisión varían según sean sus características específicas. Podemos clasificarlas respecto a dos parámetros.

Según su titularidad se distingue, tanto en radio como en televisión, entre:

- **Cadenas públicas:** pertenecen al Estado o a alguna Comunidad Autónoma. Algunas no cuentan con publicidad comercial, ya que se financian exclusivamente del presupuesto asignado por la institución que las gestiona. Cumplen una función pública, por lo que se les debe exigir una objetividad y pluralidad informativa escrupulosa.
- **Cadenas privadas:** son empresas de titularidad privada, que se financian casi exclusivamente por la publicidad que emiten en su programación. Gozan de una mayor libertad de expresión ideológica, siempre dentro de la ley, que las cadenas públicas.

Según su contenido, las cadenas de televisión se pueden clasificar en:

- **Cadenas generalistas:** presentan una programación variada que pretende satisfacer a una audiencia heterogénea en edad, gustos e intereses. Suelen dividir su emisión diaria en franjas horarias, en cada una de las cuales emiten determinado tipo de programas. La frontera entre ellas suele venir marcada por los programas informativos principales de cada cadena, conocidos por el nombre común de **telediarios**:
  - **Franja matutina:** más centrada en programas informativos en sus primeras horas, y completada por magazines con contenidos habitualmente divulgativos (sociedad, salud, educación, etc.).
  - **Franja vespertina:** su programación se centra en el ocio de la audiencia y suele cubrirse con series de televisión, concursos o magazines con contenido más lúdico que los de la mañana.
  - **Franja nocturna:** que recibe el nombre técnico, de origen inglés, de **prime time**, ya que es la franja horaria donde más luchan las diferentes cadenas por ganar mayor audiencia, por lo que reservan para esta franja de la programación sus producciones propias más costosas, generalmente de carácter lúdico y espectacular; las películas de estreno en televisión, o las series de mayor calidad.
- **Cadenas especializadas:** se dirigen a un público determinado, ofreciéndole a lo largo de toda su emisión programas relacionados con sus intereses particulares. Actualmente la televisión a la carta ha ampliado considerablemente este tipo de plataformas televisivas. Suelen subclasificarse, a su vez, en virtud de estos parámetros:

- **Por la edad:** existen cadenas de programación infantil y juvenil, frente a cadenas de programación para adultos.
- **Por el género:** existen cadenas dirigidas hacia un público con gustos considerados tradicionalmente como femeninos, que incluye telenovelas, programas de moda, estética o decoración. Al igual que cadenas dirigidas tradicionalmente a los varones, con programas sobre motor, bricolaje, deportes de riesgo, etc.
- **Por la temática:** las cadenas se especializan en un asunto determinado y emiten de manera ininterrumpida programas centrados de una misma materia como, por ejemplo: cine, series, documentales, música, deportes, viajes, gastronomía, etc.

### Influencia de los medios de comunicación

Una expresión coloquial que viene a resumir la influencia de los medios en la sociedad es la de que "*lo han dicho en la tele*". Por lo general, gran parte de la audiencia considera correcto todo lo que se presenta en un informativo, ya que no somos conscientes de la enorme influencia de los medios en nuestro comportamiento. Recibimos los mensajes de que nos lanzan los medios de comunicación en un entorno relajado y amable, el hogar fundamentalmente, y esto dificulta nuestra actitud crítica ante ellos. Estos mensajes:

- Ofrecen modelos de conducta y socialización, que en muchas ocasiones no son en absoluto adecuados: violencia, sexismo, roles de género, culto al cuerpo, hábitos alimenticios poco saludables, consumismo, etc.
- Crean estados de opinión a través de la línea editorial de cada cadena. Con la información que emiten se posicionan a favor o en contra de determinados asuntos e intentan persuadir a su audiencia de esta línea de pensamiento.

### Actividades propuestas

S13. Haga un análisis de sus hábitos televisivos anotando los siguientes datos: cuántas horas ve la televisión al día, en qué momentos del día lo hace, cuáles son sus programas favoritos. Luego compártalo y compárelo con las respuestas de otras personas para realizar una valoración personal crítica de su actitud como televidente.

**S14. Lea este texto y conteste las preguntas que lo acompañan.**

La responsabilidad - quizá culpa sea una palabra más acertada - de la existencia de una notoria telebasura en España suele atribuirse a tres razones. La primera, a las cadenas de televisión, sobre todo privadas, que parecen obsesionadas con la cuota de audiencia. La segunda, a las empresas que pagan para exhibir sus anuncios precisamente en tales programas. Finalmente, aunque con un énfasis menor, se suele considerar que las administraciones públicas no son suficientemente vigilantes sobre este particular, y que deberían reprimir tal fenómeno creando órganos de control, o utilizando los ya existentes.

El planteamiento expuesto, en mi opinión, omite el factor más interesante: deja sin respuesta el interrogante más sugestivo: ¿por qué nos gusta la telebasura? Tales programas encuentran su única justificación mercantil en el excelente grado de aceptación por parte del ciudadano. España es un país democrático, con un sistema de educación obligatoria hasta los 16 años y en el que cultura e información, desplegando sus diversos atractivos, fluyen libremente.

Creo que deberíamos seguir indagando sobre la condición humana.

Carta al director de José María Navarro Viñuales, publicada en *El País*, el 1 de diciembre de 2007.

- a) Explique con sus propias palabras qué es la telebasura.
- b) ¿Cuáles son las causas de la emisión de telebasura en las televisiones españolas según el autor del texto?
- c) ¿Qué tipo de texto es una carta al director y cuál es su finalidad?
- d) ¿Ofrece el autor al final del texto una solución al problema que plantea?

**S15. Reflexione sobre las ideas expuestas en este texto y responda las cuestiones.**

La televisión aparece como un elemento de ocio incorporado al mundo familiar. Toda la familia la considera como el elemento de distracción más importante. La televisión se ve en silencio en nuestras casas. No comentamos lo que ven nuestros hijos y cuando alguien dice algo, se le pide o se le ordena que se calle inmediatamente. Parece que el aparato de televisión paraliza el habla y la acción y, mientras dura su encantamiento, convierte a los vivos en estatuas. El peligro principal no reside tanto en las conductas que pueda producir, cuanto en que impide las conversaciones, los juegos, las festividades familiares, las discusiones... cuestiones extraordinariamente relevantes para el aprendizaje y formación del carácter de los niños.

Manuel Fandos Igado, "*Que te (le) aproveche*", en *Pistas para un consumo inteligente de la televisión*.

- a) Expresar el tema del texto en una oración simple.
- b) ¿Cómo repercute la televisión en las relaciones familiares?
- c) ¿El autor considera que el mayor peligro de la televisión está en los mensajes que recibimos a través de ella? Justifique su respuesta.

S16. Redacte un texto argumentativo de entre 250 y 300 palabras en el que reflexione sobre estos interrogantes y les dé respuesta:

- ¿Debe estar la televisión encendida mientras la familia come o cena?
- ¿Deben tener los niños y adolescentes una televisión en su propio cuarto?
- ¿Deben poder acceder los menores de edad a cualquier canal televisivo?
- ¿Quién ha de regular los programas y contenidos que ven los menores?
- ¿De qué manera cree usted que es posible hacer un uso educativo de la televisión?

## 2.3 Sociolingüística da lingua galega

### 2.3.1 Historia social da lingua galega dende 1916

A lingua galega vai sufrir unha serie de avatares históricos e sociais ao longo do século XX que van condicionar a súa situación actual no século XXI. Neste proceso podemos distinguir tres grandes etapas que detallamos a continuación.

#### O primeiro terzo do século XX

Durante as tres primeiras décadas do século XX xorden unha serie de institucións que van conseguir que o galego se utilice máis aló do eido literario e sexa vehículo de expresión noutros ámbitos como a prensa, o ensaio, a tradución de textos literarios, a política etc.

- Dez anos máis tarde da fundación no 1906 da **Real Academia Galega**, constitúense no 1916 as **Irmandades da Fala**, que demandan a cooficialidade do galego e a superación da súa situación diglósica. Da súa man xorden proxectos normalizadores como cursos de lingua ou conferencias. Nacen varias editoriais como **Céltiga**, **Lar**, e a máis relevante, a **Editorial Nós** na Coruña, no 1927. As Irmandades superan contradicións do século anterior, xa que fan as súas reivindicacións na propia lingua galega:
  - Oficialidade do galego.
  - Cultivo sistemático do galego na fala e na escrita.
  - Aumento das publicacións en galego, incluídas as traducións.
  - Recuperación da tradición cultural.
  - Presenza do galego no ensino.

- Outro colectivo importante foi o **grupo Nós**, un conxunto de escritores que colaborou na conformación dunha lingua para tratar calquera ámbito do saber. **Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao** son os creadores da prosa moderna en lingua galega. A súa empresa colectiva máis importante foi a revista **Nós**, que aparece en 1920, dirixida por Risco e con Castelao como responsable artístico.
- En 1923 un grupo de universitarios - **Fermín Bouza Brei, Xosé Filgueira Valverde, Lois Tobío** - fundan o **Seminario de Estudos Galegos**, co fin de estudar todas as manifestacións da cultura galega, que divulgaron na **Editorial Lar**, na revista **Nós** e no boletín da Real Academia Galega. En 1933 publicaron unhas normas ortográficas.
- No ano 1931 fúndase o **Partido Galeguista** en Pontevedra, co obxectivo, entre outros, de elaborar o Estatuto de Autonomía de 1936. Este foi plebiscitado favorablemente, pero non chegou a entrar en vigor por mor do golpe militar. Nas súas declaracións de principios consideran a lingua como un dos trazos individualizadores de Galicia e defenden a súa cooficialidade co español.

A pesar destes esforzos, a situación real da lingua na sociedade galega está aínda moi lonxe do ideario destas institucións: a educación segue a ser en español e o seu emprego na prensa é moi restrinxido, polo que a situación diglósica non só non se supera, senón que se perpetúa.

A falta de referencia dunha lingua estándar obriga os autores/as desta época a acudir ao castelán ou ao portugués, para reparar esas eivas. Isto fai que a súa lingua se caracterice pola presenza de numerosas desviacións da norma como castelanismos, hiperenxebrismos, lusismos, dialectalismos, vulgarismos etc. É a etapa denominada enxebrizante, na que se busca sobre todo o diferencialismo co castelán.

### As décadas da ditadura

No 1936, poucos días despois da aprobación en referendo do **1º Estatuto de Autonomía de Galicia**, prodúcese o golpe de Estado que dará lugar á Guerra Civil e ao longo período de ditadura. O galego desaparece do uso público, xunto coa prensa e as editoriais que o usaban como medio de expresión. Prohíbense e perséguese todo tipo de organizacións que promovan o seu uso. Algúns dos dirixentes galeguistas foron fusilados, como Alexandre Bóveda. Outros escolleron o exilio, como Castelao. Os que quedaron aquí foron represaliados.

A ideoloxía franquista impuxo pola forza o concepto dunha única nación, cunha única relixión e unha única lingua hexemónica, o español. Daquela, o galego pasa a ser unha lingua menosprezada e circunscrita ao seu uso familiar e coloquial. O uso do galego mantívose na denominada “**Galicia exterior**”, as colonias de emigrantes aos que se suman agora as vítimas do exilio. Os seus focos máis importantes foron as cidades de Bos Aires, de Montevideo ou de México. Os exiliados americanos mantiveron viva a cultura galega publicando libros, editando revistas e organizando actividades culturais.

Arredor de 1950 un grupo de galeguistas optan pola resistencia cultural e fundan a editorial **Galaxia**, dende a que procuraron divulgar unha ideoloxía galeguista e restablecer a continuidade cultural tronzada pola guerra. O xénero máis axeitado para estes fins foi o ensaio. Publicaron tamén a revista **Grial**, que se suspende no cuarto número por problemas coa censura. Destacan nesta **Xeración Galaxia** nomes como **Ramón Piñeiro**, **Francisco Fernández del Riego** ou **Carlos Maside**.

Na década dos 60 esta recuperación do uso público da lingua faise máis evidente grazas ao traballo de asociacións culturais como **O Galo** en Santiago, **O Facho** na Coruña, **Abrente** en Ribadavia, así como a incipiente actividade política clandestina da **Unión do Pobo Galego** (UPG) ou do **Partido Socialista Galego** (PSG). O feito de que estes nacionalistas utilizaran o galego de xeito exclusivo en todas as súas actividades vai ser determinante no proceso de dignificación da lingua. O réxime autorizou a Real Academia Galega para celebrar o primerio **Día das Letras Galegas** o 17 de maio de 1963, co gallo do centenario da publicación do poemario de Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*. Créase a primeira **Cátedra de Lingua e Literatura galegas** na Universidade de Santiago de Compostela en 1965 e no 1971 fúndase o **Instituto da Lingua Galega** (ILG).

Esta etapa de represión favoreceu o proceso de substitución lingüística do galego en favor do castelán. A emigración interior do campo ás cidades e a extensión da escolarización vehiculada exclusivamente en castelán, foron dous potentes axentes de desgaleguización. Na escrita, comezan as primeiras tentativas da construción do galego estándar, na que se tenta depurar a lingua de castelanismos e vulgarismos, amais de simplificar os signos ortográficos: acentos, guións, acento circunflexo, etc.

### **O período democrático**

A morte do ditador en 1975 supón o comezo dun complexo proceso histórico que conduce o Estado español a unha restauración das liberdades políticas e a implantación dun sistema político en forma de monarquía parlamentaria. No relativo á lingua galega, aparece un novo marco xurídico-legal reflectido nos seguintes ordenamentos legislativos:

- **Constitución española** (1978): reconece España como estado plurilingüe. O castelán é a lingua oficial do estado e o resto das linguas serán oficiais nas respectivas comunidades de acordo cos seus Estatutos de Autonomía.
- **Estatuto de autonomía de Galicia** (1981): reconece o galego como lingua propia de Galicia e os idiomas galego e castelán como oficiais. Amais, indica que os poderes públicos garantirán o uso normal do galego e promoverán o seu uso.
- **Lei de normalización lingüística** (1983): regula o dereito da cidadanía a empregar o galego, establece medidas de revitalización social nos ámbitos dos que estivera ausente, reestablece os topónimos galegos como única forma oficial etc.

O contexto democrático favoreceu unha recuperación social e funcional da lingua galega:

- O galego é a lingua vehicular dos órganos de poder autonómicos, a **Xunta de Galicia** e o **Parlamento galego**.
- O galego é introducido no sistema educativo, primeiro como materia e logo como lingua vehicular.
- En 1982 apróbanse as **Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego**, nun labor conxunto do Instituto da Lingua Galega e da Real Acaemia Galega, que constitúen a definición oficial do estándar da lingua.
- Créase o **Centro Dramático Galego** en 1984. A **Escola Dramática Galega**, da man de Manuel Lourenzo, ou o grupo de teatro **Antroido**, cofundado polo dramaturgo e actor Roberto Vidal Bolaño e a actriz Laura Ponte, xa viñan actuando en lingua galega.
- En 1984 comezan as emisións da **Radio Galega** e a **Televisión de Galicia** (CRTVG), primeiras canles de radio e televisión que emiten integramente en galego.
- Nas tres universidades galegas establécense estudos de Filoloxía Galega.
- Prodúcese un aumento xeral das manifestacións culturais en lingua galega, en especial na música e na literatura, pero aínda subsisten carencias importantes no cine, na banda deseñada, na prensa etc.

Con todo, e pese a estes logros salientables, as estatísticas denuncian un estancamento do proceso de normalización do galego nas décadas finais do século XX, cun descenso alarmante do número de falantes, sobre todo entre nas xeracións

máis novas. Aínda que se constata unha certa mellora nas actitudes cara á lingua, o castelán segue sendo a lingua das clases dominantes. Mesmo ás veces se dá un uso ritual da lingua galega nestes sectores sociais dominantes, como poden ser a política, os medios de comunicación ou a empresa privada. Cómpre subliñar o grao de deterioración que presenta o galego utilizado en determinados contextos, en especial urbanos, por mor da situación de convivencia e conflito lingüístico entre o galego e o castelán. Tamén é moi preocupante o peche de xornais como *A Nosa Terra*, *Galicia Hoxe* e outros, que comezaran a normalizar a presenza de prensa escrita en galego e publicada en papel.

### Actividades propostas

S17. Date e ordene cronoloxicamente estes feitos de interese na historia da lingua galega durante o século XX:

- Apróbase o 1º Estatuto de autonomía de Galicia.
- Nace o Seminario de Estudos Galegos.
- Fúndase o Partido Galeguista.
- Celébrase o primeiro Día das Letras Galegas.
- Fúndase a Real Academia Galega.
- Comeza a publicarse a revista *Nós*.
- Créase, na Coruña, a primeira agrupación das Irmandades da Fala.
- Fúndase a editorial *Galaxia*.

S18. Lea o seguinte texto de Johán Vicente Viqueira e conteste as preguntas:

Para os tempos novos fala nova! O galego é algo que se fai, que se crea, non algo feito. Mais para facelo hai que coñecer as súas posibilidades actuais (a súa gramática) e as súas posibilidades futuras en xerme nas actuais (o seu dinamismo).

Gramática Galega témola. A de Saco de Arce, aínda que vella, é aproveitable. Ademais temos as gramáticas portuguesas, que moito nos poden ensinar. E o mesmo digo dos dicionarios. E que os novos fagan novas gramáticas e dicionarios novos! [...]

A ortografía etimolóxica debe ser a nosa. Énos preciso estudala. Como? Aprendendo a escribir en portugués. Nós, galegos futuristas, temos de expresarnos indiferentemente en español, galego, portugués e inglés. Estas catro linguas hanse de ensinar na escola primaria. Extravagancia? Non! Fáise en Bélxica, en Suíza e outros países!

Johán Vicente Viqueira, "*Da renascencia lingüística*"  
publicado en *A Nosa Terra* o 6 de xaneiro do 1919 (adaptación)

a) Busque información sobre o autor e relacióneo cos acontecementos da

historia da lingua galega do século XX.

- b) Explique o sentido da primeira oración exclamativa no contexto histórico no que se escribiu este texto.
- c) Como suxire o autor que debe normativizarse a lingua galega?
- d) Por que o autor defende que a referencia gramatical do galego é o portugués?
- e) Que propón o autor ao final deste fragmento e por que escolle eses países para poñelos como exemplo que debemos seguir?

S19. **Elabore unha liña do tempo na que recolla os acontecementos máis salientables da evolución da lingua galega durante o século XX, seguindo estas pautas:**

- Diferencie cada etapa da liña do tempo cunha cor específica.
- Sinale os acontecementos históricos en cor negra e os acontecementos relacionados coa lingua e a cultura galega en cor vermella.
- Pode servirse como referencia da liña do tempo que figura ao final da páxina web á que conduce esta ligazón:

[http://cotovia.org/proxecto/soc/soc\\_ud4\\_01.html?orix=ud4&tare=01&tema=soc\\_ud4\\_01.html](http://cotovia.org/proxecto/soc/soc_ud4_01.html?orix=ud4&tare=01&tema=soc_ud4_01.html)

S20. **Lea este texto de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e responda as preguntas.**

A esta fala popular, viva e gloriosa, os imperialistas chámanlle dialecto. Mais eu preguntaríaalles: Dialecto de que idioma? Do que vós chamades español? De ningunha maneira, porque o idioma que vós impuxestes pola forza é un irmán menor do galego. Acaso queredes dicir que é dialecto do latín? Pois entón chamádelle dialecto ao francés, ao italiano, ao romanés, porque tamén son fillos do latín e irmáns do galego.

E diríaalles máis: Prohibistes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Expulsastes o galego das igrexas, facendo que os representantes de Cristo explicaran o Evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugastes o galego ante os Tribunais de xustiza e chegastes a castellanizar barbaramente as toponimias galegas. E de que vos valeu? Porque despois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Sempre en Galiza*. (adaptación)

- a) A que grupo de escritores pertenceu o autor do texto?
- b) Cal foi o destino de Castelao cando estalou a Guerra civil española?
- c) Cales son os temas que aborda Castelao na súa obra *Sempre en Galiza*?

- d) Explique cal é a idea principal do primeiro parágrafo e conécteo cos contidos estudados no módulo anterior.
- e) A quen se dirixe Castelao en segunda persoa do plural no texto e de que os acusa?
- f) Por que lles di ao final de texto que fracasaron no seu empeño imperialista?
- g) Reflexione sobre este fragmento e redacte un texto de entre 100 e 150 palabras que responda a este tema: "Consecuencias da represión franquista na lingua galega".

S21. Escoite as opinións sobre a editorial *Galaxia* que aparecen na seguinte ligazón da RTVG: <http://pasouquepasou.crtvg.es/content/carlos-casares-e-editorial-galaxia>, e conteste as preguntas:

- a) Cal é o escritor que aparece no vídeo? En que ano se lle dedicou o Día das Letras Galegas?
- b) Cal foi a verdadeira finalidade da fundación da editorial Galaxia por parte dos seus fundadores?
- c) Que repercusións tivo para a cultura galega a existencia desta editorial?
- d) Cal foi a evolución da editorial ao longo dos anos, segundo o entrevistado?

S22. Vexa esta pequena nota de prensa dun telexornal do ano 2012, que figura nesta ligazón: <http://www.televisiondeg Galicia.gal/informativos/homenaxe-do-consello-da-cultura-galega-a-tareixa-navaza-450630> e consulte estotra páxina web: [http://www.culturagalega.org/album/detalle\\_especial.php?id=363](http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=363) para responder as preguntas:

- a) Busque información sobre a protagonista da homenaxe, anote en que medio de comunicación traballou e en que lingua o facía.
- b) Que se quere reivindicar con este acto e por que se titula "A voz da liberdade"?
- c) Por que di o locutor que foi unha xornalista comprometida?
- d) Cales son os anos que se corresponden co proceso da transición política e por que o locutor o cualifica como difícil?

### 2.3.2 Bilingüismo ou diglosia: as interferencias lingüísticas

Xa se explicou en unidades de módulos anteriores que no planeta conviven un número incalculable de linguas e que o máis habitual é que na maioría dos países do mundo se falen varias linguas. Secasí, nas sociedades plurilingües os idiomas case nunca se utilizan nun mesmo nivel de igualdade por parte dos falantes.

#### O bilingüismo

Enténdese por **bilingüismo** como o fenómeno de convivencia e uso igualitario de dúas linguas. Distínguense dous tipos de bilingüismo:

- O **bilingüismo individual**: que consiste na capacidade da persoa de comunicarse en dúas linguas, cun mesmo nivel de competencia nas catro destrezas básicas: escoitar, falar, ler e escribir. Se alguén é capaz de facelo en tres ou máis linguas, entón recibe o nome de políglota. Mais tamén existen matices, polo que se distingue entre **bilingües activos**, falan as dúas linguas por igual, e **bilingües pasivos**, aqueles que entenden as dúas linguas, pero só falan unha delas.
- O **bilingüismo colectivo**: que ocorre cando nun mesmo territorio conviven dúas linguas e un número elevado de persoas as empregan por igual, como bilingües activos.

#### A diglosia e o conflito lingüístico

A situación sociolingüística actual de Galicia non é a dun país bilingüe. Estudamos xa que dende finais da Idade Media, a situación de convivencia entre o galego e o castelán é de **diglosia**. A diglosia defínese como a situación de desigualdade entre dúas linguas que conviven nun mesmo territorio. Unha lingua de prestixio superponse a outra lingua considerada inferior, polo que ambas as dúas gozan de diferente status político, social, económico e cultural. Desta situación, e das tentativas por parte da lingua minorizada de acadar unha situación normalizada xorde o **conflito lingüístico**.

Actualmente en Galicia podemos considerar a diglosia como unha situación de bilingüismo non igualitario, xa que a lingua hexemónica, o castelán, imponse socialmente a unha lingua minorizada, o galego. A maioría dos falantes coñecen as dúas e parte deles son bilingües activos e outra parte son bilingües pasivos. Cada individuo escollerá en que lingua falar segundo a situación comunicativa de maior ou menor relevancia social na que se atope. En situacións formais ou que considere importantes escollerá o castelán, e reservará o galego para a fala persoal, familiar ou coloquial.

## O contacto entre linguas: as interferencias lingüísticas

Cando dúas linguas comparten ao longo da historia un mesmo espazo prodúcense entre elas interferencias mutuas. Isto sucede coas dúas linguas faladas en Galicia, xa que o castelán incorpora trazos do galego, os galeguismos, e o galego manifesta influencias castelás, os **castelanismos**, en todos os niveis de lingua: fonéticos, ortográficos, morfosintácticos, léxicos e semánticos.

### Castelanismos fonéticos

Teñen que ver coa desaparición de fonemas galegos que non existen en castelán:

- Desaparece a oposición entres **fonemas vocálicos abertos e pechados**, isto é, non se diferencian na pronuncia parellas de palabras como *oso* e *óso*, ou *presa* e *présa*.
- Desaparición da **pronuncia velar do "n"** en final de palabra ou na forma feminina de determinantes como *unha*, *algunha*, *ningunha* etc., e que se pronuncia como o fonema alveolar "n" do castelán, *una*.
- Pronuncia relaxada semellante a un "s", do fonema palatal fricativo xordo, como o da palabra *xuntos*, que se pronuncia como *shuntos*\*

### Castelanismos ortográficos

Son aquelas confusións producidas polas diverxencias entre as normativas ortográficas das dúas linguas. Son frecuentes en palabras coas letras **b** e **v**, ou coa letra **hache**, así como con certas regras de acentuación. Por circunstancias históricas da evolución da lingua española moitas palabras castelás son antietimolóxicas, é dicir, non se escriben como lles correspondería en función da súa orixe. A normativa ortográfica galega baseou a escrita das palabras na súa etimoloxía. Por iso hai palabras que presentan formas diferentes en galego e castelán como *avogado/abogado* ou *harmonía/armonía*, respectivamente.

### Castelanismos morfosintácticos

Os máis salientables, pola súa frecuente aparición na fala son:

- **Alteración do xénero** dos substantivos, que se utilizan co xénero gramatical que teñen en castelán: *a nariz*\*, *a sangue*\*, *a leite*\*, *o paisaxe*\*, *o ponte*\* etc.
- **Omisión do artigo** diante dos determinantes **posesivos**: *miña moto*\*.
- **Incorrecta colocación dos pronomes átonos**: *Lle dixo que non*\*.

- Emprego de **tempos compostos**, propios do castelán, pero inexistentes en galego: *El xa mo había dito\**.
- Emprego pronominalizado de verbos, por calco do castelán, que en galego non levan pronome: *Xan se casou con Lola\**.

### Castelanismos léxicos e semánticos

É no eido no que máis se aprecia a influencia castelá. Os falantes incorporan ao seu léxico palabras do español en detrimento das formas galegas correctas:

- A palabra patrimonial galega substitúese pola castelá: *cuchara\** por *culler*, *rodilla\** por *xeonllo*, *ayer\** por *onte*, *testigo\** por *testemuña* etc.
- A palabra castelá adáptase á fonética galega e substitúe a forma galega normativa: *conexo\** por *coello*, *parexa\** por *parella*, *lexos\** por *lonxe*.
- Utilízanse palabras galegas co significado que teñen en castelán como, por exemplo, *recorrer* con significado de *percorrer*. En galego *recorrer* só significa "utilizar unha cousa como axuda ou solución" ou "solicitar a axuda de alguén". Outro exemplo é utilizar *desenrolar* por *desenvolver*, co significado de "facer que algo evolucione a un estado máis perfecto ou de maior actividade".

### Actividades propostas

#### S23. Despois de ler estes parágrafos conteste as preguntas.

Nunha poboación avellentada e historicamente diglósica como a galega, é vergoñento comprobar como a lingua da maioría dos pacientes é o galego e a lingua profesional en que falan moitos médicos e enfermeiros con eles aínda é só o castelán. A lingua castelá nos médicos (e noutros colectivos profesionais de prestixio social) condiciona ou coacciona a lingua de resposta do paciente, igual que a lingua do xuíz, do profesor, do notario, etc. De igual maneira que ningún médico que non entenda e fale galego é competente para exercer en Galicia, un médico que non entenda e fale español tampouco non é competente para exercer en Madrid, Andalucía ou Cantabria.

O peor é que se están dando, en hospitais e ambulatorios galegos, casos de médicos que lles «solicitan» aos pacientes que lles falen en español. Xa que os pacientes poden escoller médico, deberíanse identificar oficialmente os médicos bilingües, os que poden atender en galego, para que os pacientes puidesen escollelos preferentemente.

Mentres iso non suceda, estamos ante outra grave imposición.

*55 mentiras sobre a lingua galega*, coordinado por Xosé-Henrique Costas (ProLingua)

- Describe cal é a situación que se produce nas consultas médicas en Galicia entre os pacientes e os médicos.
- Explique se este estado de cousas se pode considerar bilingüismo ou diglosia.

- c) Segundo o texto, os médicos non falantes de galego son competentes para exercer a súa profesión en Galicia? Exprese a súa propia opinión xustificada ao respecto.
- d) Por que cre que o verbo "solicitan" se resalta entre aspas no segundo parágrafo?
- e) Cal é a proposta que fai o texto para que os pacientes galegofalantes non teñan que renunciar ao seu dereito a ser atendidos en galego nos servizos sanitarios?

S24. Corrixa os castelanismos que aparezan nas seguintes oracións:

- Quenes están de acordo co proxecto que expuxo o señor presidente?
- Despois de morrerse, toda a familia, chorosa, cooperou para lle pór a mortaxa.
- Que Dios cho pague, me dixo a aboa cando lle fixen un pequeno traballiño no pasillo da casa.
- Xa mo había dito él, que era culpa dun parásito que se había instalado en seus hosos.
- Vou a durmir, que teño moito soño, hoxe esperteime moi cedo.
- O abogado fixo un reportaxe fotográfico da boda da filla maior.
- Eres moi listo, iso é unha boa suxerencia e non o digo por amizade.
- Na operación retocou a nariz, as pestañas, os labios e a fronte.
- Este fin de semana rompeu o grifo da cociña e o auga encharcou o solo.
- Tiña a total seguridade de que ía a ganar moitos cartos nalgún lugar lexos de aquí.

S25. Emparelle os castelanismos do primeiro recadro coas formas galegas normativas do segundo.

Castelanismos	Palabras galegas
Laguna, muela, encía, gusano, relámpago, tornillo, arcén, lexía, apodo, asco, colilla, grúa, granizo, párpado.	Parafuso, beiravía, lóstrego, alcume, moa, sarabia, verme, lagoa, lixivia, pálpebra, noxo, enxiva, guindastre, cabicha.

S26. Lea con coidado este texto que pertence a un estudo sobre os usos lingüísticos en Galicia e responda as preguntas.

No estudo piloto encontramos tamén esta asociación do castrapo ao galego, pero de forma aínda máis tallante, de xeito que aqueles que se autopresentaban como falantes de castrapo eran os mesmos que escollían no cuestionario escrito a opción "só ou máis galego" como lingua habitual e "en contraste, aqueles que se presentan como monolingües en castelán en ningún momento asocian o seu xeito de falar ao castrapo". En calquera caso, como veremos na seguinte epígrafe, os castelanfalantes tamén recoñecen na súa fala influencias do galego, pero evitan a etiqueta castrapo para definila.

Isto non deixa de ser sorprendente, posto que ademais o termo "castrapo" se aplicou tradicionalmente ao "castelán agalegado". Con este significado recólleno os lingüistas, entre outros. Por exemplo, Guillermo Rojo defíneo como "la variedad que surge de los intentos por expresarse en español por parte de gallegohablantes que tienen un conocimiento muy imperfecto de la otra lengua" e engade que se trata dunha "denominación casi siempre peyorativa". Inclúea polo tanto dentro do subconxunto de variedades correspondentes ao español, xunto co "castellano de Galicia" e o "español estándar peninsular". Como vemos, trátase dunha definición moi afastada do significado que asignan ao mesmo termo os nosos informantes.

Ana Iglesias Álvarez, "Castelanismos e galeguismos. A súa relación co estándar"  
*Estudos de lingüística galega, nº 8, 2016* (adaptación)

- a) Que consideran os falantes entrevistados pola autora que é o castrapo?
- b) Cal é a definición de castrapo que ofrecen os lingüistas?
- c) Cal é a definición que ofrece o dicionario da RAG deste termo?
- d) Explique con que nivel de lingua e con que rexistro lingüístico asociaría o castrapo.
- e) Redacte un texto de entre 15 a 20 liñas no que reflexione sobre o concepto que tiña vostede sobre este tema e explique cal é o concepto científico e correcto de castrapo.

S27. Outro fenómeno de interferencia lingüística, xunto cos castelanismos, son os **hiperenxebrismos**, que o dicionario da RAG define como "*Fenómeno lingüístico que consiste na modificación artificial de certas palabras propias dun idioma, para diferencialas das formas coincidentes noutra lingua da mesma familia, dando lugar a formas incorrectas que pretenden facerse pasar por xenuínas*". Substitúa os hiperenxebrismos que aparecen nestas oracións pola palabra normativa correcta:

- Ficou moi sadisfeito cando conseguiu limpar todo o piso e colocar as cortiñas sen a axuda de ninguén.

- Comprende que a aquela hora xa lle sería imposible comezar a escalada da montana porque non alcanzaría o seu obxectivo antes de chegar a noite.
- Para facer máis crara a explicación empregou varios exemplos que todos puidesen entender sen dificultade.
- O asasiño permañeceu tranquilo e non se alteirou cando chegou a policía.
- Os científicos, grazas á súa rápida acción, extirparon aquela parte enferma do organismo antes de xurdiren complicacións.
- Cando chega a primavera o sol parece brilar con máis forza no ceo.
- É moi frecuente que a cidadanía colabore con sinceridade e entusiasmo nas grandes empresas colectivas.
- Mira, aquel home da gabardiña que está alá na esquiña é o famoso profesor de quen tanto che falei.
- A organización e funcionamento da oficina é un problema que ninguén ousa afrontar con gañas.
- O seu orgullo determinouno a pechar a boca ante as aldraxes proferidas por un sector da audiencia.
- A planificación lingüística: normativización e normalización

A planificación lingüística consiste no complexo conxunto de medidas que se deben poñer en práctica por parte das administracións políticas e educativas, coa colaboración de institucións culturais e plataformas sociais, para a superación dunha situación de desigualdade e minorización dunha lingua en determinado territorio. Este labor coordinado debe desenvolverse en dous campos de actuacións:

- **Planificación do corpus ou normativización**, que consiste na actuación sobre a propia lingua coa finalidade de implantar un estándar lingüístico, mediante o establecemento dunhas normas ortográficas, morfolóxicas e léxicas da lingua.
- **Planificación do status ou normalización**, que consiste nas actuacións en prol da desaparición da situación de diglosia, é dicir, recuperar o uso habitual da lingua minorizada en todos os contextos sociais, lugares e situacións da vida cotiá.

### A normativización do galego

Mentres outros idiomas foron consolidando a súa variedade estándar durante séculos de xeito ininterrompido, as circunstancias específicas da historia da lingua galega non permitiron unha elaboración do galego estándar e normativo ata as últimas décadas.

A *Lei de Normalización Lingüística* o 15 de xuño de 1983, estableceu que o criterio de autoridade para a normativización do galego sería o da Real Academia Galega (RAG). Previamente, a colaboración entre o Instituto da Lingua Galega (ILG) e a RAG xa recollera e publicara nese mesmo ano unhas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*, aplicadas no dicionario da RAG de 1997. Estas normas foron reformadas en 2003, pero coa publicación do *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (VOLG) en 2004 definíronse de facto tamén como normas léxicas. Xunto a esta normativa, denominada como **oficialista**, existen outras dúas propostas para o establecemento da normativa da lingua galega:

- O **reintegracionismo** ou **lusismo**, que postula unha aproximación ao portugués, dada a orixe común das dúas linguas e a súa semellanza gramatical e léxica.
- O **reintegracionismo de mínimos**, ou normativa de concordia, que persegue unha normativa de consenso baseada en criterios de ambas as dúas propostas anteriores.

## A normalización do galego

### O recoñecemento oficial

O galego precisa, por iso, de leis que protexan e fomenten o seu uso nas diferentes áreas da vida social: nas administracións públicas autonómicas, provinciais e locais, na xustiza, no ensino público e privado, nos medios de comunicación, no mundo empresarial e no comercio, na cultura e no deporte e, mesmo, nas diferentes confesións relixiosas do país.

A este respecto, hoxe en día está vixente ***Lei de normalización lingüística*** de 1983, que regula os dereitos dos cidadáns a empregar o galego, establece medidas de revitalización social nos ámbitos dos que estivera ausente, e establece que os topónimos galegos teñan como única forma oficial a galega.

No 2004 ponse en marcha o ***Plan xeral de normalización lingüística***, que tenta detectar as carencias existentes no proceso de normalización nos diferentes sectores sociais e promover medidas para que esta sexa efectiva.

A lingua galega tamén está respaldada por outras normas legais de ámbito internacional:

- A ***Declaración universal dos dereitos lingüísticos*** (1996).
- A ***Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea*** (2000).
- A ***Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*** (1992).

## O recoñecemento social

As medidas tomadas dende o poder político non abundan para levar adiante un proceso normalizador. Cómpre que a sociedade faga súa a reivindicación do uso da lingua, tanto de xeito colectivo como individual.

A acción colectiva non institucional está liderada hoxe en día por unha serie de grupos, asociacións e plataformas que serven de axentes da recuperación e desenvolvemento social da lingua galega. Entre elas destacan:

- A **Mesa pola Normalización Lingüística**.
- A plataforma cidadá **Queremos galego**.
- A plataforma **Prolingua**.
- A **Asociación Socio-Pedagóxica Galega**.
- A **Nova Escola Galega**.
- A **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega**.

Xunto a estas hai que salientar as achegas de tantas e tantas asociacións culturais, etnográficas, musicais, teatrais, herdeiras das asociacións dos anos sesenta do século pasado, que actualizan o labor normalizador con cada actividade que programan en cada aldea, vila e cidade de Galicia. Con todo, existen grupos sociais que ata hai uns anos parecían tolerar os avances sociais do galego e que agora se mostran abertamente belixerantes pois denuncian unha suposta imposición lingüística. Unha falsa desproblematización da situación lingüística do idioma galego e os seus progresivos avances no seu uso levaron a algúns a interpretar erroneamente que as medidas normalizadoras son unha agresión a quen non ten o galego como lingua habitual.

Mais xunto á acción institucional e a actividade organizada da cidadanía, os verdadeiros artífices da normalización do galego son os propios falantes da lingua. Non todo o mundo parte da mesma situación para facer efectivo o labor normalizador. Haberá quen non precise facer un esforzo para utilizala, xa que o galego é a súa lingua nai pero, aínda así, teña que poñer certo empeño en superar os seus propios prexuízos lingüísticos para utilizala en todos os contextos da súa vida. Haberá quen se criou nun ambiente de fala galega, mais esta non foi a lingua materna ou familiar. Haberá quen, por circunstancias, teña o castelán como lingua inicial. Non todos partimos do mesmo punto, pero nas nosas mans está a vontade de participar activamente no proceso de recuperación social da lingua galega do xeito máis sinxelo posible: falándoa, sempre e en todo lugar.

### 2.3.3 As funcións da lingua

A coexistencia de dúas linguas nun mesmo espazo, como sucede en Galicia, orixina un conflito lingüístico que é preciso solucionar para que a lingua autóctona supere a situación de minorización fronte á lingua hexemónica. Este debe ser un propósito crucial da sociedade xa que a función básica da lingua é a comunicación entre os membros da comunidade que a comparten e que deben ter o dereito e a liberdade de utilizala sen ningún tipo de atrancos.

Esa funcionalidade xeral da lingua concrétase, dependendo do nivel, do ámbito social e do contexto no que se empregue, nas seguintes funcións:

- **Función de identidade:** realízase no marco interno do individuo, pois sérvelle a este para canalizar o seu pensamento. A partir dunha determinada lingua construímos interiormente o mundo que nos rodea. Tamén configura a nosa identidade como individuos e como membros dunha comunidade.
- **Función familiar:** é a función que ten unha lingua como elemento de relación no seo da familia, que é o espazo da primeira socialización, onde o individuo aprende parte das pautas que rexerán a súa vida adulta, entre elas as lingüísticas. Entre nós, o galego sobreviviu como lingua familiar durante séculos, aínda que tamén a familia pode ser un axente desgaleguizador se os pais lles transmiten aos seus fillos os seus propios prexuízos lingüísticos, ou non lles transmiten a súa propia lingua materna.
- **Función laboral:** é a función que ten unha lingua como elemento de relación no mundo do traballo. A miúdo, no traballo, as persoas vense obrigadas a cambiar a súa lingua habitual, o galego, polo castelán por imposición da empresa. Na actualidade, a maior parte de galegofalantes desempeñan profesións vinculadas ao sector primario.
- **Función local:** é a que realiza a lingua nos contactos diarios entre persoas do mesmo contorno: amizades, veciñanza ou coñecidos. Un cambio de lugar de residencia moitas veces carrega un cambio de lingua. Sucédelle, por exemplo, a persoas galegofalantes provenientes das aldeas ou das vilas que pasan a vivir nas cidades e cambian os seus usos lingüísticos, xa que nos ámbitos urbanos son onde con máis forza inflúen as condutas diglósicas: cómprase en galego na feira, pero fanse en castelán no centro comercial.
- **Función institucional:** unha lingua cumpre esta función cando é empregada polos individuos para comunicarse coas institucións políticas e administrativas. A Administración de Xustiza é a que amosa un menor grao de galeguización, xa que

tanto na práctica oral coma escrita, o castelán segue a ser maioritariamente a lingua vehicular.

- **Función cultural:** é a que realiza a lingua cando a súa comunidade a utiliza para expresar e recibir os conceptos e as mensaxes das ciencias e da arte do seu tempo. O galego sempre serviu de canle para a expresión da cultura popular. Hoxe en día é no eido da literatura, o teatro, a música e a creación audiovisual onde se teñen acadado os maiores logros normalizadores.
- **Función internacional:** é aquela que cumpre unha lingua cando é utilizada non só polos seus falantes orixinarios, senón tamén por persoas doutros países que a aprenderon voluntariamente como segunda lingua. O galego presenta unha importante dimensión internacional para a comunicación cos 200 millóns de falantes que constitúen o ámbito da lusofonía.

### Actividades propostas

- S28. Infórmese sobre as últimas campañas levadas a cabo pola Coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística (CGENDL). Escolla aquela que lle parecece máis práctica, máis suxestiva, máis útil, ou máis sorprendente. Expoña oralmente a motivación da súa escolla e xustifícaa con argumentos.
- S29. Reflexione sobre a información que achega este texto e realice as actividades propostas a continuación.

Por que unha persoa calquera, nun momento dado, tenta recuperar a lingua dun territorio? As máis das veces, dita lingua foi lingua falada na súa mesma familia, mesmo os seus propios pais poden ser aínda falantes dese idioma (paleofalantes, por tanto). Endebén, as razóns normais non son de índole familiar, senón políticas e culturais. Entre as primeiras, cómpre salientar a concepción do idioma rexional coma elemento fundamental identitario dun territorio; desta maneira, en determinados espazos e xeiras, a lingua é un elemento de reivindicación; daquela, o uso da lingua rexional é parte da militancia política. Honestamente, penso que esta motivación para o uso da lingua rexional acaba perdendo valor e non adoita callar na sociedade, non ten éxito a partir dun determinado momento.

Cando, porén, se trata máis ben de razóns culturais e sociais, os neofalantes si poden ter unha influencia e un peso máis forte na sociedade. Nalgunha ocasión, teño comprobado que o emprego da lingua rexional en contextos urbanos se ten identificado con posicións políticas máis ou menos radicais, o cal dá lugar a que a lingua rexional perda peso —e falantes—, de maneira que os neofalantes son elementos sospeitosos. Trátase dun estraño comportamento da parte dos falantes tradicionais que ven os neofalantes como entremetidos, neófitos que pretenden ocupar un espazo social que non lles corresponde. Nada máis lonxe da realidade, pois en determinadas circunstancias, en determinadas linguas, como xa veño sinalando, eles, os neofalantes, son o único futuro da lingua.

Daquela, por que son importantes os neofalantes? Como xa indiquei, nas linguas en que a transmisión xeracional xa rompeu, o neofalante é o único que recupera a lingua rexional. Na teoría, unha capa social de neofalantes, perfectamente formados desde o punto de vista lingüístico e con consciencia sociolingüística, poden transmitir o idioma á seguinte xeración. E lóxicamente transmitirán a lingua que eles aprenderon. Para moitos falantes tradicionais isto é unha aberración, mais nas máis das ocasións, a opción é moi clara: ou fica o idioma neutro dos neofalantes, ou a lingua estatal se dá imposto sen máis complicacións ao cabo dunha xeración. Con todo, pode entenderse, até un certo punto, que os paleofalantes teñan reticencias. E estas veñen do dominio do idioma que os neofalantes poidan ter.

Xavier Frias-Conde, "A normalización lingüística na Romanía: A normalización da lingua e normalización dos falantes", publicado na revista *Ianua. Revista Philologica Romanica*, vol. 6, 2006

a) Defina, coas súas propias palabras, estes conceptos que se mencionan no texto:

- Neofalante
- Paleofalante
- Transmisión xeracional
- Consciencia sociolingüística

b) Subliñe as ideas máis salientables do texto.

c) Realice un esquema que exprese a relación xerarquizada das ideas principais e secundarias de cada parágrafo do texto.

d) Redacte un resumo do texto que non supere as cinco liñas.

e) Enuncie nunha frase a idea central do texto.

f) Poderíase establecer unha correlación entre os conceptos de "lingua rexional" e de "lingua estatal" coa lingua galega e a lingua castelá, respectivamente?

g) Redacte un texto de entre 150 e 200 palabras no que explique con cal dos dous grupos se sente identificado/a: paleofalantes ou neofalantes de galego, e cal é a súa opinión persoal sobre as ideas expresadas no texto.

**S30. Lea atentamente este texto e responda as cuestións seguintes:**

**Intervención oral.**

Os acordos firmados co Consello da UE e co Comité das Rexións permiten a intervención oral en galego nas súas sesións. En ambos casos, debe solicitarse con sete semanas de antelación a través da Representación Permanente de España ante a Unión Europea. Unicamente se autoriza a interpretación pasiva, é dicir, do galego ao resto de linguas. No caso do Consello, a REPER indicará ao inicio de cada Presidencia unha previsión das necesidades de interpretación das linguas cooficiais españolas.

**Comunicación escrita dos cidadáns coas institucións e órganos da Unión Europea.**

Os cidadáns teñen dereito a dirixirse á UE nunha destas linguas cooficiais e a ser respondidos na mesma lingua. O procedemento é case sempre indirecto, é dicir, o cidadán debe dirixirse a un órgano intermediario nomeado polas autoridades nacionais para realizar a tradución ao castelán e reenviala á institución concernida. Este organismo tamén traducirá a resposta da institución de volta para o galego. De existir prazos, estes comezan a contar a partir da data en que a institución concernida recibe a comunicación (en castelán). Se o cidadán dispón dun prazo para actuar despois de recibir a resposta, esta pode ser dirixida en castelán directamente ao interesado, sen prexuízo de que posteriormente reciba a tradución ao galego por parte do organismo designado. Así e todo, os acordos asinados co Parlamento Europeo, a Comisión e o Comité Económico e Social contemplan a posibilidade de que sexan os seus propios servizos internos os que elaboren a tradución ou contesten nesa lingua, de existiren os medios necesarios.

Fundación Galicia Europa, NOTA INFORMATIVA: *O uso das linguas oficiais e do galego na UE*, 7 de maio de 2009

- a) Segundo os datos expostos no primeiro parágrafo, é posible intervenir en galego nas sesións da Unión Europea? Baixo que circunstancias?
- b) Segundo ese mesmo parágrafo, é posible que as intervencións noutras linguas sexan traducidas ao galego?
- c) Cre que esta situación tamén se dará no caso da lingua española?
- d) Que quere dicir o segundo parágrafo cando se refire ao "procedemento indirecto" de se dirixir alguén á Unión Europea en lingua galega?
- e) Consonte as normas expostas no texto, cal é o status da lingua galega respecto da lingua española na UE? Considera que se trata dunha situación normalizada? Xustifique a súa resposta.

**S31. Clasifique estes titulares de noticias, traducidos da edición dixital do xornal El País, segundo supoñan avances ou retrocesos no proceso de normalización da lingua galega:**

- As universidades esixen avaliar os efectos do decreto lingüístico. (18-7-2014)

- Os mozos falan pouco galego. (7-2-2015)
- 20.000 persoas saen á rúa para que os seus netos falen galego. (8-2-2015)
- Manuel María será o homenaxeado nas Letras Galegas 2016. (4-7-2015)
- Os partidos, incluído o PP, alzan a voz contra "os agravios" ao galego. (15-7-2015)
- Protesta pola discriminación dunha galegofalante en Casas Novas. (29-7-2015)
- Ciudadanos non logra que o galego deixe de ser idioma oficial en Ferrol. (29-10-2015)
- Denunciados dous curas por negarse a oficiar en galego unha misa. (11-12-2015)
- O Consello de Europa aconsella utilizar máis as linguas cooficiais. (21-01-2016)
- O Goberno denega axudas millonarias por entregar un papel en galego. (27-7-2016)

### 3. Resumo de contidos

---

Os falantes seleccionamos diferentes **variedades de lingua** para adaptarnos ás situacións comunicativas concretas. O **registro formal** utilízase en situacións de protocolo ou solemnidade. O **registro informal** serve para o resto de situacións, máis relaxadas, da vida cotiá. O **nivel culto** é aquel que pode utilizar a xente cun certo nivel de estudos e aseméllase ao modelo estándar da lingua. O **nivel medio** achégase á lingua coloquial e non precisa un alto grao de coñecementos. As persoas que utilizan o **nivel vulgar** carecen da capacidade de falar a lingua sen introducir incorreccións á norma, ou vulgarismos.

A **prosodia** é o conxunto de fenómenos fónicos que se utilizan na fala para organizar, interpretar as mensaxes e cargalas de emotividade. A **entoación** é o trazo prosódico máis salientable e consiste na curvas melódicas que utilizamos ao pronunciar as oracións. As catro posibilidades básicas para o castelán e o galego son a **entoación enunciativa**, a **interrogativa**, a **exclamativa** e a **volitiva**. A prosodia complementase coa **linguaxe non verbal**, que serve para substituír, complementar, matizar as mensaxes e tamén para regular a situación comunicativa, mediante o uso da nosa **expresividade facial e corporal**.

Os **medios de comunicación audiovisual** combinan texto oral con son e imaxe. A **música** forma parte fundamental da **linguaxe radiofónica**, do mesmo xeito que a **imaxe** é o elemento esencial do **medio televisivo**. As funcións destes medios son **informar, educar, entreter, persuadir** e, sobre todo, **formar a opinión pública**. O poder de convicción dos medios de comunicación é tan grande, que a audiencia ha de exercitar un uso crítico dos mesmos, analizando e reflexionando sempre acerca da información que recibe deles.

A evolución da lingua galega durante o século XX pasou por tres fases ben diferenciadas. O período previo á Guerra Civil, no que institucións como as **Irmandades da Fala**, o **grupo Nós**, o **Seminario de Estudos Galegos** e o **Partido Galeguista** reivindicaron o uso do galego en todos os ámbitos sociais. O castelán impúxose como lingua do Estado na ditadura franquista e o galego quedou relegado á fala familiar e cotiá. Non sería ata as décadas dos anos 50 e 60, nas que hai unha lenta e progresiva recuperación e revalorización da fala familiar e cotiá, coa excepción do labor realizado polos exiliados. Foi no período democrático cando o galego pasa a ser recoñecido como lingua propia de Galicia, nun status de cooficialidade co castelán e comezan a artellarse as primeiras medidas normalizadoras.

Galicia vive unha situación de **diglosia**, xa que o castelán amosa un maior nivel de prestixio social que o galego. A convivencia de dúas linguas no mesmo territorio xera **interferencias lingüísticas** entre elas. Os **castelanismos** son as desviacións da norma gramatical e léxica que introducimos na nosa fala galega por influxo do castelán. A **planificación lingüística** consiste no conxunto de actuacións potenciadas por diversas institucións para acadar a **normalización social** da lingua galega. A esta actividade contribúen de xeito moi beneficioso todo tipo de institucións culturais, plataformas sociais, agrupacións profesionais etc. A completa normalización social da lingua galega é crucial xa que lingua desempeña certas funcións que son consubstanciais ao desenvolvemento integral dos individuos, como a súa **función identitaria**, a función **familiar**, a **local**, a **laboral**, a **institucional**, a **cultural** e a **internacional**.


## 4. Actividades complementarias

---

### ACTIVIDADES EN LINGUA GALEGA

- S32. Vexa a primeira escena do episodio da serie da CRTVG *Casa Manola* que figura na seguinte ligazón <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-15-8-festa-rachada> e explique con exemplos:
- Que relación se dá entre as personaxes?
  - Que nivel de lingua utilizan as personaxes?
  - Que rexistro lingüístico é o empregado nesta conversa?
  - Que elementos de linguaxe non verbal aparecen nesta escena?
- S33. Busque a definición do termo "vulgarismo" no dicionario en liña DIGALEGO: <https://digalego.xunta.gal/digalego/Html/index.php>. Son os vulgarismos o resultado de interferencias lingüísticas co castelán? Indique que palabra do galego normativo debe utilizarse no lugar dos seguintes vulgarismos: *perfeuto\**, *traballare\**, *coluna\**, *esprito\**, *virtú\**, *frol\**, *probe\**, *cuciña\**, *somellar\**, *amoto\**.
- S34. escoite a conversa en "barallete" que aparece na seguinte ligazón e intente facer un resumo do que sexa quen de comprender:
- <http://research.culturalequity.org/rc-b2/get-audio-detailed-recording.do?recordingId=21581/>
- Pode consultar o significado dalgunhas palabras no glosario de léxico do barallete desta páxina web:
- <https://gallegosporelmundo.wordpress.com/2010/01/16/barallete/>
- S35. Defina con que tipo de entoación deberían pronunciarse as seguintes oracións:
- Martiño, ven aquí inmediatamente!
  - Trouxeche as cousas que che pedín?
  - Eu non me chamo María, chámome Mar.
  - Canto tempo sen verte!
  - Cantos viñeron á festa do sábado?
  - Por favor, préstame o fío, a agulla e as tesoiras.
  - O filósofo Platón, discípulo de Sócrates, viviu na Grecia clásica.

- S36. Hoxe en día utilizamos as emoticonas para substituír a nosa linguaxe non verbal cando nos comunicamos a través de medios non presenciais como son os correos electrónicos, a mensaxería instantánea ou aplicacións como o WhatsApp. Explique como deben ser interpretadas as seguintes cariñas:



- S37. Poña un exemplo de cada un dos catro tipos de actos non verbais: emblemas, ilustradores, reguladores e adaptadores, que non aparezan na unidade e explique o significado de cada un e en que situación comunicativa podería utilizarse.
- S38. Que son os dialectalismos? Sinale tres exemplos de dialectalismos da zona de Galicia na que habite. Explique se os dialectalismos son produto de interferencias lingüísticas entre o galego e o castelán.
- S39. Lea este poema de Eduardo Pondal e realice un comentario de texto que responda as seguintes preguntas:

Miniñas da Cruña,  
d' amabre despejo,  
de falas graciosas  
e pasos ligeiros,  
deixá de Castilla  
os duros acentos:  
falade, miniñas,  
falade gallego.

Cand' é que vos ouzo,  
a patria esquecendo,  
falar esas duras  
palabras de ferro,  
non sei o que sufro,  
non sei o que peno:  
falade, miniñas,  
falade gallego.

Mas cando falades  
nos patrios acentos,  
envoltos no voso  
angélico alento,  
parece que escuito  
un canto do ceo:  
falade, miniñas,  
falade gallego.

Eduardo Pondal

- a) A que etapa da literatura galega pertence o autor?
- b) Realice a análise métrica do poema.
- c) Explique cal é o tema do poema.
- d) Sinale os recursos literarios de repetición que configuran o texto.
- e) Recolla a información das respostas anteriores e redacte un texto que presente a seguinte estrutura:
  - Un parágrafo introdutorio que presente brevemente o autor e a súa época.
  - Un segundo parágrafo onde explique o contido do texto.
  - Un terceiro parágrafo que describa formalmente o poema: métrica e recursos literarios empregados.
  - Un parágrafo de peche que expoña a importancia social e histórica do poema.

S40. Analice as dez razóns que a organización *Apego* esgrime para defender a idea de fallarlles galego aos fillos e fillas dende o seu nacemento. Pódeas atopar na seguinte ligazón: <http://apego.gal/dez-razons-para-falarlle-galego/>. Logo realice estas actividades:

- a) Relacione algunhas destas razóns coas funcións da lingua explicadas ao final desta unidade.
- b) Seleccione dúas das dez razóns expostas que lle parezan especialmente importantes e xustifique as súas escollas.
- c) Cal desas dez razóns incide na idea do ecolingüismo? Se o precisa, pode revisar este concepto no apartado 2.3.1. da unidade didáctica 5 do segundo módulo.

## ACTIVIDADES EN LENGUA CASTELLANA

- S41. Ponga un ejemplo de cada uno de estos tipos de canales de radio y televisión: una cadena de radio pública, una cadena de radio privada, una cadena de televisión pública, una cadena de televisión para público infantil, una cadena de televisión para público femenino y una cadena de televisión de deportes.
- S42. Redacte un texto de entre 200 y 250 palabras en el que explique qué tipo de programas de televisión le parecen un buen recurso educativo, por qué razones serían útiles didácticamente y en qué franjas horarias deberían ser emitidos.
- S43. Lea este "Decálogo para identificar el sexismo en la publicidad" y anote ejemplos de anuncios publicitarios que se correspondan con cada uno de los diez puntos.

### ES SEXISTA LA PUBLICIDAD QUE...

1. Promueve modelos que consolidan pautas tradicionalmente fijadas para cada uno de los géneros.  
Anuncios que siguen perpetuando los roles tradicionalmente asignados a cada género, ajenos a los cambios sociales y a las nuevas realidades vividas por muchas mujeres.
2. Fija unos estándares de belleza femenina considerados como sinónimo de éxito.  
Anuncios configurados desde una mirada masculina que limitan las posibilidades de éxito social para las mujeres al seguimiento de unos modelos de belleza.
3. Ejerce presión sobre el cuerpo femenino a través de determinados tipos de productos.  
Anuncios que limitan los objetivos vitales de las mujeres a la adecuación a unos determinados patrones estéticos. En estos anuncios, las mujeres aparecen descontextualizadas, parece que no hacen nada, sólo centran sus diálogos en el cuidado corporal.
4. Presenta el cuerpo de las mujeres como un espacio de imperfecciones que hay que corregir.  
Anuncios que presentan los cuerpos de las mujeres y sus cambios debidos a la edad como "problemas" que es preciso ocultar y/o corregir.
5. Sitúa a los personajes femeninos en una posición de inferioridad y dependencia.  
Anuncios que presentan a las mujeres como dependientes con respecto a los hombres, en un segundo plano, sin voluntad, pasivas y sumisas. Llama la atención el recurso a una imagen postrada, sometida, de las modelos en los reportajes de moda.
6. Excluye a las mujeres de las decisiones económicas de mayor relevancia.  
Anuncios que siguen perpetuando los roles tradicionalmente asignados a cada género y que, considerando que las mujeres no tienen autonomía económica, las sitúan en un segundo plano cuando se trata de tomar decisiones sobre compras de mayor cuantía económica.
7. Aleja a las mujeres de los espacios profesionales prestigiados socialmente y, por el contrario, les asigna los roles de limpieza, cuidados y alimentación familiar.  
Anuncios que siguen manteniendo el tradicional reparto de espacios, asignando a las mujeres el ámbito de lo privado, desprovisto de prestigio, y a los hombres el espacio de lo público, del saber y de la autoridad.

8. Niega los deseos y voluntades de las mujeres y muestra, como "natural", su adecuación a los deseos y voluntades de las demás personas.

Anuncios que nos muestran a mujeres realizadas como personas en la medida en la que responden a lo que los demás piden de ella: los hijos e hijas, el marido, la madre... Si esta mujer desempeña también un empleo fuera del hogar, deberá atenderlo todo: superwoman.

9. Representa al cuerpo femenino como objeto, esto es, como valor añadido a los atributos de un determinado producto; como su envoltorio, en definitiva.

Anuncios que recurren al cuerpo femenino, o al fetichismo de determinadas partes del mismo: labios, pies o prendas de vestir femeninas, como reclamo para atraer la mirada y la atención del potencial cliente.

10. Muestra a las mujeres como incapaces de controlar sus emociones y sus reacciones, "justificando" así las prácticas violentas que se ejercen sobre ellas.

Anuncios que muestran a las mujeres movidas por caprichos, faltas de juicio en sus reacciones y comportamientos, histéricas, charlatanas... En el fondo, se está recurriendo a estereotipos conductuales muy habituales en la representación tradicional de las mujeres. En estos mensajes, las mujeres quedan ridiculizadas o han de ser vueltas a la cordura por el elemento masculino.

Observatorio Andaluz de la publicidad No Sexista, publicado en *Mujeres en red*, <http://www.mujaresenred.net/>

**S44. Corrija las palabras y expresiones procedentes del gallego, que son ajenas al castellano estándar, que aparezcan en las siguientes oraciones:**

- Mi hermana no dio hecho ella sola los ejercicios.
- A mi abuela le gusta tener al niño en el colo.
- Cuando me llamastes a casa, yo ya me fuera.
- Timbré cuando aún dormíais porque no me di de cuenta.
- Vamos encargar una tarta para mi cumpleaños.
- ¡No seas parvo y hazme caso!
- Está tan contento que anda a cantar todo el día.
- Cuando esteas con él dale recuerdos míos.

**S45. Lea este texto y conteste las preguntas que lo acompañan.**

La historia de la vida y la muerte de las lenguas corre en paralelo con la historia de los dominadores y de los dominados: "En una situación puramente natural - escribe Óscar Uribe -, cuando los hablantes de dos lenguas distintas se encuentran y desean comunicarse entre sí, usan uno de varios procedimientos que no hay por qué detallar. Pero, fuera de estas situaciones en que el lenguaje es puro y simple expediente para la comunicación, se suele hacer del lenguaje un símbolo de poder de un grupo o de unas sociedades formadas por hablantes de idiomas, de dialectos o de modalidades lingüísticas diferentes. Esto explica el que haya grupos que traten de imponerles a otros su idioma, tanto dentro de las situaciones internas como en las internacionales, y que el multilingüismo de un país revele el delicado equilibrio político de los diversos grupos que en él conviven, así como el multilingüismo mundial revela el equilibrio político presente y la pasada historia política de las diversas

sociedades en el ámbito internacional".

Por esta razón hay lenguas que crecen (y no a causa de un aumento repentino de la natalidad) y lenguas que mueren (y no porque los hombres y mujeres hayan dejado de quererse). Y para lograr que una lengua desaparezca no es necesario asesinar a sus hablantes. [...] No es necesario ir tan lejos. Basta con la persuasión, con la extensión de los prejuicios y con la promoción de la desigualdad: hay lenguas más y menos cultas, más y menos internacionales, más y menos progresistas.

Es preciso luchar contra la promoción de la desigualdad y es positivo promover el igualitarismo, tanto en los niveles generales como en el caso concreto de las lenguas.

Jesús Tusón, *Mal de lenguas*

- a) ¿A qué procedimientos se refiere Óscar Uribe en su cita del texto cuando habla de dos interlocutores de lenguas diferentes quieren comunicarse?
- b) ¿Qué tipo de conflicto lingüístico se presenta en el resto de la cita de Óscar Uribe?
- c) ¿Cómo es posible "matar" una lengua, según Jesús Tusón?
- d) ¿Se pueden identificar los prejuicios lingüísticos de los que habla el autor con los que se suelen aplicar a la lengua gallega? Argumente en contra de esos prejuicios.

## 5. Solucionario

---

### 5.1 Soluciones das actividades propuestas

- S1. *Lea detenidamente este texto y señale los ejemplos que le permitan justificar cuál es el registro lingüístico que utiliza el personaje.*

*El texto está expresado en un registro coloquial de lengua, ya que presenta características como vocativos (Mario), utilización de muletillas (hijo, bueno), palabras con carga afectiva (cariño, nena), modismos, expresiones coloquiales (el mundo andaba loco, tiene mucha miga), expresiones exclamativas (¡y si solo fuera eso!), y frases inacabadas con numerosas elipsis.*

- S2. *Lea los siguientes fragmentos de obras literarias e identifique el nivel de lengua que se utiliza en cada uno señalando, por lo menos, tres rasgos que puedan ejemplificarse con palabras de los textos.*

*El texto 1 presenta una conversación entre personajes que utilizan un nivel medio de lengua, ya que no aparecen cultismos ni tecnicismos, ni tampoco hay presencia de vulgarismos. Se aprecia un registro informal, con vocativos (negra, blanco), expresiones exclamativas y modismos (no me sale de adentro) o palabras coloquiales (boceras) que se ajustan a este nivel medio. La voz del narrador presenta un nivel culto, pero con laísmo y leísmos propios del área dialectal a la que pertenece el autor, Pío Baroja, que era vasco. El texto 2 está expresado en un nivel culto, ya que presenta una sintaxis compleja que se aprecia en la puntuación y la estructura de oraciones subordinadas. Además, el fragmento se inicia con un hipérbaton: desorden de los elementos de la oración con efecto estilístico. El léxico utilizado es culto, con palabras ajenas al lenguaje común (terrazgos, aluviones, alcores). El texto 3 muestra el habla de un personaje con un nivel vulgar, que se percibe por la pronunciación incorrecta de palabras (usté, mereció, tó), deformación del léxico (endespués), e incorrecta conjugación de tiempos verbales (semos).*

- S3. *Sustituya las “palabras baúl” subrayadas en las siguientes oraciones por otras más precisas.*

*Cuando iba a esa casa siempre experimentaba una sensación muy extraña.*  
*Trajo un instrumento muy útil para controlar el tiempo de los asados.*  
*Este autor es muy trabajador, escribe muchas páginas por día.*  
*Solo tiene interés en un objetivo: aprobar todo con sobresalientes.*  
*Se marca una única meta en su vida: llegar a ser padre.*  
*Resolver bien esa ecuación es un problema difícil.*  
*En mi barrio han construido un nuevo polideportivo.*  
*¿Qué ingredientes son necesarios para preparar un bizcocho?*

- S4. *Lea las siguientes oraciones en voz alta y asígneles el tipo de entonación que resulte adecuada.*

*Las oraciones habría que leerlas por este orden con entonación: exclamativa, enunciativa, con pausa intermedia, enumerativa, interrogativa parcial, exclamativa, volitiva, interrogativa total, enunciativa, con pausa explicativa.*

- S5. *Clasifique las oraciones del ejercicio anterior según la actitud del hablante en: enunciativas, interrogativas, exclamativas, exhortativas, desiderativas y dubitativas. Puede ayudarse de la explicación que aparece en la unidad 2 del primer módulo.*

*La mayor parte de las oraciones coinciden en su entonación con la modalidad según la actitud del hablante, pero no todas. En el orden en que aparecen en el ejercicio 4 serían: exclamativa, enunciativa, enunciativa, enunciativa, interrogativa directa, desiderativa, imperativa, interrogativa directa, dubitativa, enunciativa.*

- S6. *Mire el fragmento de un programa de debate de RTVE que aparece en este enlace: <http://rtve.es/v/1015543> y conteste las preguntas siguientes.*

*A) El lenguaje paraverbal es aquel que acompaña a nuestra voz, es decir, el tono, la velocidad y la pronunciación, que transmiten sensaciones y emociones. B) Podemos transmitir que tenemos algún problema físico o que estamos en determinado estado emocional: nerviosismo, ganas de hablar, miedo, inseguridad, insinceridad. C) La lentitud al hablar suele transmitir serenidad y seguridad en lo que dice la persona, lo que resulta siempre más persuasivo. D) Respuesta libre. Se espera del alumnado que detecte los contenidos sexistas que enuncia la experta dentro del contexto de su explicación. Esto no quiere decir que ella defienda esas ideas, sino que es la imagen que la sociedad tiene hoy en día de los roles de hombres y mujeres.*

- S7. *Conteste las preguntas asociadas al video que figura en el siguiente enlace <http://rtve.es/v/2832139>*

*A) La experta explica gestos que se realizan con las manos, en concreto, con los dedos pulgares. B) Los gestos de los que se habla son emblemas, como la señal de hacer autostop. C) En países de cultura árabe el pulgar levantado es ofensivo, mientras que en occidente es símbolo de aprobación. En Japón el pulgar representa la figura masculina, mientras que el meñique simboliza el género femenino. D) Si se enseñan los pulgares con las manos en los bolsillos se expresa seguridad y confianza. Si los pulgares se esconden en los bolsillos con las manos hacia atrás, se expresa poca implicación. Cuando los pulgares señalan la zona genital refuerzan la masculinidad, en el caso de los varones. E) El puño cerrado puede significar mensajes diferentes según el contexto. Puede significar energía y convicción si los pulgares se muestran, pero si se esconden significan represión e inseguridad. F) Los mensajes negativos que pueden expresar los pulgares son amenaza o desprecio. G) Los gestos adaptadores que menciona la experta son rascarse, que implica nerviosismo, o retirarse el pelo de la cara. H) Las manos deben encajarse bien entre ellas, rodeando con el pulgar la mano contraria.*

- S8. *Escuche el siguiente podcast con un fragmento de un boletín informativo de Radio Nacional de España: <http://rtve.es/a/4064855> y responda estas cuestiones.*

A) La noticia informa sobre el fallo del premio Princesa de Asturias de Investigación Científica y Técnica 2017. B) En la noticia aparecen tres voces: la locutora/presentadora del noticiario, el periodista que se encuentra en directo en el lugar en que se produce la noticia y el discurso del presidente del jurado del premio. C) Las dos primeras voces, los profesionales de la radio, dan paso a la siguiente anunciando de quién se trata. La locutora da el nombre de su compañero, y este anuncia a quién vamos a escuchar hablando en directo para una mejor comprensión de la situación por parte de los oyentes. D) Los periodistas utilizan un registro formal y un nivel medio de lengua, semejante al estándar, ya que se encuentran ofreciendo una información a un público. El presidente del jurado utiliza un registro formal, pero un nivel culto porque emplea tecnicismos dentro de un discurso de temática científica. E) Los dos periodistas repiten la información principal de la noticia, que se completa con el fragmento del discurso del presidente del jurado.

- S9. *Analice el microespacio de Radio 5 de siguiente enlace y conteste las preguntas: <http://rtve.es/a/3550102>*

A) El programa posee una sintonía con música étnica en la que se escuchan palabras ininteligibles, ya que la temática del programa es el léxico, el vocabulario y su título, que se enuncia sobre la música, es "El palabrero". B) Luego el programa presenta una música de fondo de inspiración árabe o turca que se eleva durante las pausas del locutor y acompaña sus palabras como fondo musical. C) El locutor pronuncia de manera relajada y correcta su texto, a un ritmo correcto que no resulta monótono y resulta fácil de seguir. Utiliza un nivel medio de lengua, adecuado a un público de cultura media. Utiliza oraciones cortas, bien conectadas lógicamente y presenta ejemplos que facilitan la comprensión de las ideas que expone. E) Respuesta libre.

- S10. *Redacte un texto de entre 200 a 250 palabras en el que explique qué tipo de programas de radio suele escuchar y el porqué de sus preferencias. En caso de no ser un oyente habitual de radio, argumente sus razones para no hacerlo.*

Respuesta libre.

- S11. *Conteste las preguntas sobre este podcast de RTVE: <http://rtve.es/v/4072280>.*

A) Es el anuncio de un nuevo programa en la parrilla de programación de esa cadena. B) La música es enérgica, de estilo pop-rock, ya que encaja con las imágenes de actividades físicas que se muestran en el anuncio. C) La voz en off presenta la temática del programa con un slogan "si solo ves mujeres, no sabes lo que es un profesional", que resume el espíritu del programa que anuncia. Ofrece el nombre de la presentadora, la actriz Blanca Portillo y la información más importante: el día y la hora en que emitirán el primer episodio. E) Escoge a dos de las mujeres que protagonizarán algunos episodios de la serie y la valoración de su jefa que hace uno de sus subalternos. Se quiere dejar bien claro cuál va a ser la temática de los documentales: la reivindicación de la visibilidad femenina en el trabajo. E) El anuncio dura solamente quince segundos, en los que se nos muestran dieciséis planos, o sea, un plano por segundo, con lo cual ofrece un ritmo visual muy ágil que se complementa perfectamente con los tipos de trabajo de acción que se van a mostrar en los programas, tanto en tierra como en el mar o en el aire.

- S12. *Vea el siguiente reportaje sobre un montaje de la ópera Madame Butterfly del programa Atención Obras de RTVE: <http://rtve.es/v/4088622/> y responda.*

A) Intervienen la locutora, tres personas entrevistadas: la soprano protagonista, el director musical y el director de escena. B) Las intervenciones en italiano de Ermonela Jaho se subtitulan debajo de su imagen mientras habla. C) El reportaje alterna imágenes de la ópera con las opiniones de las personas entrevistadas en planos medios. D) Distintos momentos musicales de la ópera se intercalan con las intervenciones de los participantes del reportaje. La música siempre permanece de fondo mientras habla cualquiera de las cuatro voces que participan en el reportaje.

- S13. *Haga un análisis de sus hábitos televisivos anotando los siguientes datos: cuántas horas ve la televisión al día, en qué momentos del día lo hace, cuáles son sus programas favoritos. Luego compártalo y compárelo con las respuestas de otras personas para realizar una valoración personal crítica de su actitud como televidente.*

Respuesta libre.

- S14. *Lea este texto y conteste las preguntas que lo acompañan.*

A) Respuesta libre. B) El autor del texto opina que las cadenas privadas consiguen mayores audiencias con estos programas de baja calidad y que, por tanto, las empresas contratan más publicidad durante ese tipo de programas. Además culpa al Estado de una falta de control y regulación sobre la calidad de los programas televisivos. Pero finalmente aduce que la culpa la tiene la gente que ve estos programas. C) Una carta al director es un breve texto argumentativo, redactado por un particular que ofrece su opinión razonada sobre un tema específico y que envía a un periódico para que sea seleccionado y publicado en su sección de opinión. D) No, el autor de esta carta al director deja abierta la pregunta con la que se inicia el segundo párrafo para excitar nuestra propia reflexión al respecto.

- S15. *Reflexione sobre las ideas expuestas en este texto y responda las cuestiones.*

A) La incomunicación familiar por culpa de la televisión. B) Tal y como expresa el enunciado del tema del texto, la televisión impide una comunicación fluida y unas relaciones familiares más interactivas, ya que describe a las personas que contemplan la televisión como estatuas que no se hablan las unas a las otras, sino que se quedan hipnotizadas ante la pantalla. C) El autor no niega el peligro de ciertos mensajes inadecuados que podamos recibir a través de este medio, pero incide en que el peor es la incomunicación que produce. También hace referencia a las repercusiones que esa falta de comunicación entre padres e hijos pueda tener en su educación y aprendizaje.

- S16. *Redacte un texto argumentativo de entre 250 y 300 palabras en el que reflexione sobre estos interrogantes y les dé respuesta: ¿Debe estar la televisión encendida mientras la familia come o cena? ¿Deben tener los niños y adolescentes una televisión en su propio cuarto? ¿Deben poder acceder los menores de edad a cualquier canal televisivo? ¿Quién ha de regular los programas y contenidos que ven los menores? ¿De qué manera cree usted que es posible hacer un uso educativo de la televisión?*

*Respuesta libre.*

- S17. *Date e ordene cronoloxicamente estes feitos de interese na historia da lingua galega durante o século XX.*

*Fúndase a Real Academia Galega. (1906)*  
*Créase, na Coruña, a primeira agrupación das Irmandades da Fala. (1916)*  
*Comeza a publicarse a revista Nós. (1920)*  
*Nace o Seminario de Estudos Galegos. (1923)*  
*Fúndase o Partido Galeguista. (1931)*  
*Apróbase o 1º Estatuto de autonomía de Galicia. (1936)*  
*Fúndase a editorial Galaxia. (1950)*  
*Celébrase o primeiro Día das Letras Galegas. (1963)*

- S18. *Lea o seguinte texto de Johán Vicente Viqueira e conteste as preguntas.*

*A) Johán Vicente Viqueira Cortón (Madrid, 1886 - Bergondo, 1924) foi un filósofo, psicólogo e pedagogo, conferenciante, alumno da Institución Libre de Enseñanza, tradutor de autores europeos ao castelán, membro das Irmandades da Fala e participante nas asembleas nacionalistas. O nacionalismo galego de Viqueira era democrático, republicano, federal, socialista e laico. A obra galega de Viqueira centrouse sobre todo no sistema educativo, na súa galeguización e na súa reforma, así como na ortografía do galego, que Viqueira quería que se achegase á portuguesa. O seu artigo publicado en A Nosa Terra en 1918 "Pola reforma da ortografía" é considerado o nacemento do reintegracionismo. No ano 1974 dedicóuselle o Día das Letras Galegas. B) Viqueira expresa o seu desexo de iniciar unha nova etapa na historia da lingua galega e para iso propón unha reforma ortográfica que permita unha fixación do estándar da lingua. C) Viqueira defende que poden aproveitarse traballos gramaticais e léxicos xa existentes, pero actualizándoos tomando como referencia as gramáticas da lingua portuguesa. D) Viqueira defende o reintegracionismo porque é consciente da orixe común do galego e do portugués e das súas semellanzas morfolóxicas e léxicas. E) Propón unha educación plurilingüe, na que todo o alumnado sexa competente por igual en catro linguas: galego, castelán, portugués e inglés, porque sabe que esa riqueza lingüística supón tamén unha riqueza cultural, como sucede en países plurilingües como Bélxica ou Suíza.*

- S19. *Elabore unha liña do tempo na que recolla os acontecementos máis salientables da evolución da lingua galega durante o século XX, seguindo estas pautas: Diferencie cada etapa da liña do tempo cunha cor específica. Sinala os acontecementos históricos en cor negra e os acontecementos relacionados coa lingua e a cultura galega en cor vermella.*

*Resposta libre.*

- S20. *Lea este texto de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e responda as preguntas.*

- A) Castelao pertenceu ó grupo Nós.
- B) Castelao marchou a Madrid, Barcelona e Valencia, onde formou parte do Goberno da República. Logo exiliouse a Nova York e finalmente estableceu a súa residencia na capital de Arxentina, Bos Aires.
- C) "Sempre en Galiza" é un libro de ensaio político que reúne artigos, ensaios, conferencias, discursos, e que é considerada a obra canónica do nacionalismo galego.
- D) Castelao desmente a idea de que o galego sexa un dialecto do castelán e sostén que o galego é unha lingua derivada do latín como calquera das outras linguas románicas como o francés, o italiano ou o romanés.
- E) Dirixese aos gobernantes do réxime franquista, que impuxeron o castelán como lingua nacional do ensino, da relixión, da xustiza... e acusaos de castelanizar Galicia de xeito imperialista.
- F) Dilles que fracasaron porque, malia a prohibición de usar o galego en todas as situacións sociais de prestixio social, o pobo galego seguiu a falar a súa lingua.
- G) Resposta libre.

- S21. *Escoite as opinións sobre a editorial Galaxia que aparecen na seguinte ligazón da CRTVG: <http://pasouquepasou.crtvg.es/content/carlos-casares-e-editorial-galaxia>, e conteste as preguntas.*

- A) O autor é Carlos Casares, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas no ano 2017. B) Crearon a editorial para poder desenvolver un labor político e cultural a prol da lingua galega. C) A través de Galaxia recuperouse parte da tradición cultural galega, publicáronse nela novos dicionarios e gramáticas da lingua e tamén se prepararon os alicerces da política lingüística. D) Os seus fundadores déronlle paso á xente máis nova, como a xeración do propio Casares, que adaptaron a empresa aos novos tempos da democracia mantendo o ideario inicial, mais desligando a editorial de calquera partido político.

- S22. *Vexa esta pequena nota de prensa dun telexornal do ano 2012, que figura nesta ligazón: <http://www.televisiodegalicia.gal/informativos/homenaxe-do-consello-da-cultura-galega-a-tareixa-navaza-450630> e consulte esta outra páxina web: [http://www.culturagalega.org/album/detalle\\_especial.php?id=363](http://www.culturagalega.org/album/detalle_especial.php?id=363) para responder as preguntas.*

A) Tereixa Navaza é unha xornalista galega que traballou en diferentes medios como a cadena Ser e a delegación da Televisión Española en Galicia, onde foi unha das primeiras presentadoras dun telexornal en lingua galega durante os últimos anos da ditadura franquista. B) O acto reivindica o labor profesional da primeira xeración de mulleres xornalistas en Galicia. C) Porque Tereixa Navaza foi, e segue sendo, unha profesional comprometida coa lingua galega, coa profesión xornalística e coa súa loita política e feminista, en épocas nas que había que loitar pola liberdade de expresión. D) Porque naquela época a situación política en España e en Galicia era moi delicada e calquera persoa podía sufrir represalias persoais ou laborais polos seus posicionamentos políticos.

- S23. *Despois de ler estes parágrafos conteste as preguntas.*

A) A situación é que a maior parte dos profesionais sanitarios diríxense aos seus pacientes en castelán, o que condiciona que os pacientes se expresen libremente en galego. B) Este exemplo amosa unha clara situación de diglosia, xa que os profesionais de prestixio utilizan o castelán, mentres que os pacientes falan a lingua minorizada, o galego. C) O texto defende que os profesionais que queiran exercer a súa profesión en Galicia deberían estar obrigados a atender os seus pacientes en galego. Resposta libre. D) O verbo "solicitan" aparece entre aspas para resaltar que se está a utilizar con ironía, ou retransca, xa que esa suposta solicitude ou petición realmente é considerada como unha coacción aos pacientes para que se expresen en castelán. E) O texto propón que na ficha do persoal sanitario figure se son bilingües ou non, e que así os pacientes poidan escoller aqueles que os saiban atender na súa propia lingua.

- S24. *Corrixa os castellanismos que aparezan nas seguintes oracións.*

Quen está de acordo co proxecto que expuxo o señor presidente?  
Despois de morrer, toda a familia, chorosa, cooperou para lle pór a mortalla.  
Que Deus cho pague, díxome a avoa cando lle fixen un pequeno traballiño no corredor da casa.  
Xa mo dixera el, que era culpa dun parasito que se instalara nos seus ósos.  
Vou durmir, que teño moito sono, hoxe espertei moi cedo.  
O avogado fixo unha reportaxe fotográfica da voda da filla maior.  
Es moi listo, iso é unha boa suxestión e non o digo por amizade.  
Na operación retocou o nariz, as pestanas, os labios/beizos e a fronte.  
Esta fin de semana rompeu a billa da cociña e a auga encharcou o chan.  
Tiña a total seguridade de que ía gañar moitos cartos nalgún lugar lonxe de aquí.

- S25. *Emparelle os castelanismos do primeiro recadro coas formas galegas normativas do segundo.*

*Laguna - lagoa, muela - moa, encía - enxiva, gusano - verme, relámpago - lóstrego, tornillo - parafuso, arcén - beiravía, lexía - lixivia, apodo - alcume, asco - noxo, colilla - cabicha, grúa (este termo acéptao a RAG pero como forma menos recomendable, non o considera castelanismo) - guindastre, granizo - sarabia, párpado - pálpebra.*

- S26. *Lea con coidado este texto que pertence a un estudo sobre os usos lingüísticos en Galicia e responda as preguntas.*

*A) As persoas entrevistadas identifican o castrapo co xeito de falar galego incorrectamente porque utilizan moitos castelanismos. B) O castrapo é xusto o contrario: é a maneira de falar castelán en Galicia interferida por múltiples expresións, léxico e estruturas gramaticais do galego. C) O castrapo relaciónase cun nivel de lingua vulgar, xa que os falantes non discriminan entre as dúas linguas e non son quen de evitar esas interferencias lingüísticas. É un rexistro informal de lingua que se adoita usar en siutacións máis ben relaxadas ou coloquiais. E) Resposta libre.*

- S27. *Outro fenómeno de interferencia lingüística, xunto cos castelanismos, son os **hiperenxebrismos**, que o dicionario da RAG define como "Fenómeno lingüístico que consiste na modificación artificial de certas palabras propias dun idioma, para diferencialas das formas coincidentes noutra lingua da mesma familia, dando lugar a formas incorrectas que pretenden facerse pasar por xenuínas". Substitúa os hiperenxebrismos que aparecen nestas oracións pola palabra normativa correcta.*

*Ficou moi satisfeito cando conseguiu limpar todo o piso e colocar as cortinas sen a axuda de ninguén.*

*Comprende que a aquela hora xa lle sería imposible comezar a escalada da montaña porque non alcanzaría o seu obxectivo antes de chegar a noite.*

*Para facer máis clara a explicación empregou varios exemplos que todos podían entender sen dificultade.*

*O asasino permaneceu tranquilo e non se alterou cando chegou a policía.*

*Os científicos, grazas á súa rápida acción, extirparon aquela parte enferma do organismo antes de xurdiren complicacións.*

*Cando chega a primavera o sol parece brillar con máis forza no ceo.*

*É moi frecuente que a cidadanía colabore con sinceridade e entusiasmo nas grandes empresas colectivas.*

*Mira, aquel home da gabardina que está alí na esquina é o famoso profesor de quen tanto che falei.*

*A organización e funcionamento da oficina é un problema que ninguén ousa afrontar con ganas.*

*O seu orgullo determinouno a pechar a boca ante as aldraxes proferidas por un sector da audiencia.*

- S28. *Infórmese sobre as últimas campañas levadas a cabo pola Coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística (CGENDL). Escolla aquela que lle parece máis práctica, máis suxestiva, máis útil ou máis sorprendente. Expoña oralmente as motivación da súa escolla e xustifíqueo con argumentos.*

Resposta libre.

- S29. *Reflexione sobre a información que achega este texto e realice as actividades propostas a continuación.*

A) Os "Neofalantes" son aquelas persoas que aprenden a falar unha lingua que non é a súa lingua materna. "Paleofalantes" son os que falan a súa lingua materna porque a aprenderon de nenos na súa propia familia. O concepto de "transmisión xeracional" refírese ao feito de aprenderen os falantes a súa lingua materna dos seus pais e avós. "Consciencia sociolingüística" é a capacidade que teñen certas persoas de discernir os usos sociais que teñen as linguas e de tomar a decisión meditada de usar unha lingua determinada ou outra en cada situación comunicativa.

B) Por que unha persoa calquera, nun momento dado, tenta recuperar a lingua dun territorio? As máis das veces, a dita lingua foi lingua falada na súa mesma familia, mesmo os seus propios pais poden ser aínda falantes dese idioma (paleofalantes, por tanto). Endebén, as razóns normais non son de índole familiar, senón políticas e culturais. Entre as primeiras, cómpre salientar a concepción do idioma rexional como elemento fundamental identitario dun territorio; desta maneira, en determinados espazos e épocas, a lingua é un elemento de reivindicación; daquela, o uso da lingua rexional é parte da militancia política. Honestamente, penso que esta motivación para o uso da lingua rexional acaba perdendo valor e non adoita callar na sociedade, non ten éxito a partir dun determinado momento.

Cando, porén, se trata máis ben de razóns culturais e sociais, os neofalantes si poden ter unha influencia e un peso máis forte na sociedade. Nalgunha ocasión, teño comprobado que o emprego da lingua rexional en contextos urbanos se ten identificado con posicións políticas máis ou menos radicais, o cal dá lugar a que a lingua rexional perda peso —e falantes—, de maneira que os neofalantes son elementos sospeitosos. Trátase dun estraño comportamento da parte dos falantes tradicionais que ven os neofalantes como entremetidos, neófitos que pretenden ocupar un espazo social que non lles corresponde. Nada máis lonxe da realidade, pois en determinadas circunstancias, en determinadas linguas, como xa veño sinalando, eles, os neofalantes, son o único futuro da lingua.

Daquela, por que son importantes os neofalantes? Como xa indiquei, nas linguas en que a transmisión xeracional xa rompeu, o neofalante é o único que recupera a lingua rexional. Na teoría, unha capa social de neofalantes, perfectamente formados desde o punto de vista lingüístico e con consciencia sociolingüística, pode transmitir o idioma á seguinte xeración. E loxicamente transmitirán a lingua que eles aprenderon. Para moitos falantes tradicionais isto é unha aberración, mais nas máis das ocasións, a opción é moi clara: ou fica o idioma neutro dos neofalantes, ou a lingua estatal se dá imposto sen máis complicacións ao cabo dunha xeración. Con todo, pode entenderse, até un certo punto, que os paleofalantes teñan reticencias. E estas veñen do dominio do idioma que os neofalantes poidan ter.

C) 1. Os neofalantes recuperan o uso dunha lingua por motivos políticos.

1.1. A lingua é a identidade dun pobo.

1.2. As motivacións políticas non terán éxito.

2. Os neofalantes recuperan o uso dunha lingua por motivos culturais e sociais.

2.1. É una motivación con máis éxito.

2.2. Os paleofalantes interpretano como unha intromisión.

2.3. A transmisión xeracional rómpese.

2.4. Os neofalantes son o recurso para que isto no suceda.

2.5. O resultados deste proceso son:

2.5.1. Unha lingua máis neutra.

2.5.2. A non imposición da lingua estatal.

D) O texto defende a idea de que na situación dunha lingua minorizada, os neofalantes poden ser un axente importante para a normalización desa lingua xa que, ao aprendela, adquiren unha consciencia sociolingüística que os motiva a transmitir xeracionalmente esa lingua aos seus fillos, aínda que neste proceso a lingua perda parte da súa autenticidade.

E) Os novos falantes dunha lingua minorizada poden ser unha grande axuda para a súa normalización.

F) Efectivamente, o texto expón unha situación de minorización dunha lingua fronte a outra. A lingua rexional sería no texto a lingua minorizada, no caso de Galicia, o galego, e a lingua estatal sería a lingua de prestixio, no caso de Galicia, o castelán.

G) Resposta libre.

S30. *Lea atentamente este texto e responda as cuestións seguintes.*

A) Si é posible falar en galego, pero hai que avisar con sete semanas de antelación para que poidan estar preparados os tradutores simultáneos do galego ás outras linguas. B) Non, porque se especifica que só se autoriza a tradución pasiva do galego, é dicir, do galego ás outras linguas, pero non á inversa. C) Seguramente no caso do castelán existen tradutores pasivos e activos en calquera das sesións e non hai que avisar con ningunha anticipación para preparar intérpretes desa lingua. D) Que cando algúen envía un escrito en galego á UE, este pasa por unha tradución ao castelán, que é a que verdadeiramente chega aos organismos da UE. E) Evidentemente, o que nos ofrece o texto é unha situación do galego subsidiaria do castelán no caso dos textos escritos, e de excepcionalidade no caso das intervencións orais, polo que pode advertirse claramente unha situación en absoluto normalizada.

- S31. *Clasifique estes titulares de noticias, traducidos da edición dixital do xornal El País, segundo supoñan avances ou retrocesos no proceso de normalización da lingua galega.*

*Favorables á normalización:*

*As universidades esixen avaliar os efectos do decreto lingüístico. (18-7-2014)*

*20.000 persoas saen á rúa para que os seus netos falen galego. (8-2-2015)*

*Manuel María será o homenaxeado nas Letras Galegas 2016. (4-7-2015)*

*Os partidos, incluído o PP, alzan a voz contra "os agravios" ao galego. (15-7-2015)*

*O Consello de Europa aconsella utilizar máis as linguas cooficiais. (21-01-2016)*

*Desfavorables á normalización:*

*Os mozos falan pouco galego. (7-2-2015)*

*Protesta pola discriminación dunha galegofalante en Casas Novas. (29-7-2015)*

*Ciudadanos non logra que o galego deixe de ser idioma oficial en Ferrol. (29-10-2015)*

*Denunciados dous curas por negarse a oficiar en galego unha misa. (11-12-2015)*

*O Goberno denega axudas millonarias por entregar un papel en galego. (27-7-2016)*

## 5.2 Solucións das actividades complementarias

### Actividades en lingua galega

- S32. *Vexa a primeira escena do episodio da serie da CRTVG Casa Manola que figura na seguinte ligazón: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-15-8-festa-rachada> e explique con exemplos que relación se dá entre as personaxes, que nivel de lingua, que rexistro lingüístico empregan na conversa e que elementos de linguaxe non verbal aparecen nesta escena.*

A) As personaxes son nai e fillo. B) O nivel de lingua que utilizan é o medio, xa que non utilizan cultismos nin vulgarismos e a conversa mantén un tono coloquial. C) O rexistro que utilizan é o informal porque están falando na súa casa nunha situación cotiá. D) O fillo dálle unha aperta a súa nai para expresarlle o seu cariño. A nai levanta as mans nun aceno que reforza a súa pregunta. Logo a nai comeza a facer un pouco de teatro e finxe estar doente e alza os ombreiros cando fai outra pregunta. O fillo tómalle a man para demostrarlle apoio e tenta expresar optimismo co puño da man dereita. Despois indicalle que lave a louza sinalando o vertedoiro.

- S33. *Busque a definición do termo "vulgarismo" no dicionario en liña DIGALEGO: <https://digalego.xunta.gal/digalego/Html/index.php>. Son os vulgarismos o resultado de interferencias lingüísticas con castelán? Indique que palabra do galego normativo debe utilizarse no lugar dos seguintes vulgarismos: perfeuto\*, traballare\*, coluna\*, espírito\*, virtú\*, froi\*, probe\*, cucuña\*, somellar\*, amoto\*.*

A) Expresión ou fenómeno lingüístico de carácter vulgar que non se admite na lingua normativa. B) Non. Os vulgarismos son incorreccións propias da lingua galega que non teñen que ver con interferencias lingüísticas. C) Perfecto, traballar, columna, espírito, virtude, flor, pobre, cocina, semellar, moto.

- S34. *Escoite a conversa en "barallete" que aparece na seguinte ligazón e intente facer un resumo do que sexa quen de comprender: <http://research.culturalequity.org/rc-b2/get-audio-detailed-recording.do?recordingId=21581/>*

*Pode consultar o significado dalgunhas palabras no glosario de léxico do barallete desta páxina web:*

<https://gallegosporelmundo.wordpress.com/2010/01/16/barallete/>

*Resposta libre.*

S35. *Defina con que tipo de entoación deberían pronunciarse as seguintes oracións.*

*Martiño, ven aquí inmediatamente! Entoación volitiva.*

*Trouxeches as cousas que che pedín? Entoación interrogativa total.*

*Eu non me chamo María, chámome Mar. Entoación con pausa intermedia.*

*Cantos tempo sen verte! Entoación exclamativa.*

*Cantos viñeron á festa do sábado? Entoación interrogativa parcial.*

*Por favor, préstame o fio, a agulla e as tesoiras. Entoación enumerativa.*

*O filósofo Platón, discípulo de Sócrates, viviu na Grecia clásica. Entoación con pausa explicativa.*

S36. *Hoxe en día utilizamos as emoticonas para substituír a nosa linguaxe non verbal cando nos comunicamos a través de medios non presenciais como son os correos electrónicos, a mensaxería instantánea ou aplicacións como o WhatsApp. Explique como deben ser interpretadas as seguintes cariñas.*

*A primeira emoticona expresa que está chorando coa risa. A segunda, que está pensando ou reflexionando. A terceira, que vai manter a boca pechada sobre algún tema. A cuarta, que está a chancear. A quinta, que a persoa está moi furiosa. A sexta, que está moi asombrada.*

S37. *Poña un exemplo de cada un dos catro tipos de actos non verbais: emblemas, ilustradores, reguladores e adaptadores, que non aparezan na unidade e explique o significado de cada un e en que situación comunicativa podería utilizarse.*

*Resposta libre.*

S38. *Que son os dialectalismos? Sinale tres exemplos de dialectalismos da zona de Galicia na que habite. Explique se os dialectalismos son produto de interferencias lingüísticas entre o galego e o castelán.*

*A) Os dialectalismos son vocábulos, construcións sintácticas etc., propias dun dialecto que se arreda do código considerado estándar. Por exemplo, "camín" e "pantalóis" son formas dialectais de pronunciar "camiño" e "pantalóns", respectivamente. B) Resposta libre. C) Os trazos dialectais son propios da lingua galega e non teñen que ver coas interferencias lingüísticas co castelán.*

- S39. *Lea este poema de Eduardo Pondal e realice un comentario de texto que responda as seguintes preguntas.*

A) Eduardo Pondal pertence á xeración de escritores do Rexurdimento, no século XIX, xunto a Rosalía de Castro e Curros Enríquez. B) O poema está composto por tres estrofas de oito versos hexasílabos que riman en asonante nos versos pares. É unha estrofa que non ten un nome concreto, pero que lembra a literatura oral de tradición popular. C) O tema do poema é "invitación ás mozas coruñesas a falar galego en lugar de castelán". D) As tres estrofas presentan un refrán final nos dous últimos versos. Nese refrán hai unha anáfora do verbo "falade", xa que quere insistir nesa suxestión. Existen dous versos paralelísticos consecutivos no medio da segunda estrofa, cos que quere expresar os seus sentimentos. Tamén se perciben dous versos paralelísticos, o sexto e o décimo oitavo, entre os que existe ademais unha antítese que contrapón o "duro" acento castelán co "patrio" acento do galego. E) Resposta libre.

- S40. *Analice as dez razóns que a organización Apego esgrime para defender a idea de fallarlles galego aos fillos e fillas dende o seu nacemento. Pódeas atopar na seguinte ligazón: <http://apego.gal/dez-razons-para-falarlle-galego/>. Logo realice estas actividades.*

A) Este decálogo de razóns incide especialmente en tres das funcións da lingua: na de identidade, que se expresa nas razóns número 1, 4, 7 e 10; na función familiar, descrita nas razóns 2, 3 e 10, e na función internacional, razóns número 8 e 9. Pódense apreciar mencións indirectas ou implícitas a algunhas outras funcións, como a local ou a laboral. B) Resposta libre. C) As razóns número 5 e 6 falan da necesidade de conservar a lingua como patrimonio cultural e identitario dun pobo, por iso aluden ao concepto de ecolingüismo.

### Actividades en lingua castellana

- S41. *Ponga un exemplo de cada uno de estos tipos de canales de radio y televisión: una cadena de radio pública, una cadena de radio privada, una cadena de televisión pública, una cadena de televisión para público infantil, una cadena de televisión para público femenino y una cadena de televisión de deportes.*

Resposta libre.

- S42. *Redacte un texto de entre 200 y 250 palabras en el que explique qué tipo de programas de televisión le parecen un buen recurso educativo, por qué razones serían útiles didácticamente y en qué franjas horarias deberían ser emitidos.*

Resposta libre.

- S43. *Lea este "Decálogo para identificar el sexismo en la publicidad" y anote ejemplos de anuncios publicitarios que se correspondan con cada uno de los diez puntos.*

*Respuesta libre.*

- S44. *Corrija las palabras y expresiones procedentes del gallego, que son ajenas al castellano estándar, que aparezcan en las siguientes oraciones.*

*Mi hermana no fue capaz de hacer ella sola los ejercicios.*

*A mi abuela le gusta tener al niño en el regazo.*

*Cuando me llamaste a casa, yo ya me había ido.*

*Llamé al timbre cuando aún dormíais porque no me di cuenta.*

*Vamos a encargar una tarta para mi cumpleaños.*

*¡No seas tonto y hazme caso!*

*Está tan contento que anda cantando todo el día.*

*Cuando estés con él dale recuerdos míos.*

- S45. *Lea este texto y conteste las preguntas que lo acompañan.*

*A) Óscar Uribe se refiere al lenguaje no verbal y gestual que suelen utilizar dos personas de lenguas diferentes para poder entenderse mutuamente. B) El conflicto lingüístico del que habla Óscar Uribe es la diglosia: una lengua es utilizada por los grupos dominantes y por ellos se considera lengua de prestigio, mientras que la otra lengua es minorizada. C) Fomentando los prejuicios lingüísticos. D) Sí; se refiere a tres de los prejuicios aplicados al gallego: el gallego no es una lengua de cultura para tratar todos los campos del conocimiento, el gallego no es una lengua práctica para las relaciones internacional y solo tiene utilidad dentro de Galicia, el gallego es una seña de identidad política. Respuesta libre.*

## 6. Bibliografía e recursos

---

### Bibliografía

BLANCO ALFONSO, Ignacio & FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, Pilar (coor.), *El lenguaje radiofónico: la comunicación oral*, Fragua, 2004.

CANTERO SERENA, Francisco José, *Teoría y análisis de la entonación*, Edicions de la Universitat de Barcelona, 2002.

CORTÉS MORENO, Maximiano, *Didáctica de la prosodia del español: la acentuación y la entonación*. Edinumen, 2002.

COSTAS, Xosé-Henrique (coor.), *55 mentiras sobre a lingua galega*, Laiovento, 2009.

CORTÉS RODRÍGUEZ, Luis, *Comentario pragmático de comunicación oral*, Arco Libros, 2008-2009

GARCÍA CAEIRO, Ignasi et al., *Expresión oral*, editorial Alhambra, 1988.

MORENO CABRERA, Juan Carlos, *El universo de las lenguas*, Castalia, 2003.

RODA FERNÁNDEZ, Rafael, *Los medios de comunicación de masas: su influencia en la sociedad y en la cultura contemporánea*, CIS (Centro de investigaciones sociológicas), 1989.

RODRÍGUEZ, Francisco, *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*, Laiovento, 2015.

TUSÓN, Jesús, *Mal de linguas: arredor dos prexuízos lingüísticos*, Edicións Positivas, 1990.


VILA SANTASUSANA, Montserrat & CASTELLÁ, Josep M, *10 ideas clave. Enseñar la competencia oral en clase. Aprender a hablar en público*, editorial Graó, 2014.

### Ligazóns de Internet

- <http://academia.gal/diccionario/>
- <http://dle.rae.es/?w=diccionario>
- <https://digalego.xunta.gal/digalego/Html/index.php>
- <http://www.crtvg.es/>
- <http://www.rtve.es/>

## 7. Anexo. Licenza de recursos

### Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO	DATOS DO RECURSO	RECURSO	DATOS DO RECURSO
 RECURSO 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Descoñecida</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li>Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table">https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table</a></li> </ul>	 RECURSO 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Descoñecida</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li>Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table">https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table</a></li> </ul>
 RECURSO 3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Descoñecida</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li>Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table">https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table</a></li> </ul>	 RECURSO 4	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Descoñecida</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li>Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table">https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table</a></li> </ul>
 RECURSO 5	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Descoñecida</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li>Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table">https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table</a></li> </ul>	 RECURSO 6	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Descoñecida</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li>Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table">https://commons.wikimedia.org/wiki/Emoji/Table</a></li> </ul>
Ligazóns á Corporación Radio e Televisión de Galicia RECURSO 7	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: CRTVG</li> <li>Licenza: <a href="http://www.crtvg.es/aviso-legal">http://www.crtvg.es/aviso-legal</a></li> <li>Procedencia: <a href="http://www.crtvg.es">http://www.crtvg.es</a></li> </ul>	Enlaces a Radiotelevisión española RECURSO 8	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: RTVE</li> <li>Licenza: <a href="http://www.rtve.es/comunes/aviso_legal.html">http://www.rtve.es/comunes/aviso_legal.html</a></li> <li>Procedencia: <a href="http://www.rtve.es">http://www.rtve.es</a></li> </ul>